

# TRABALLO DE FIN DE GRAO

Unha análise da interacción de aula a través do estudo de casos.

Un análisis de la interacción de aula a través del estudio de casos.

Classroom interaction: a case study analysis.

Andrea Fernández Sánchez

Dir. <sup>a</sup> Ana Sánchez Bello

Grao en Educación Primaria

(2012-2013)



O presente traballo abordará a cuestión da problemática da interacción profesorado-alumnado no proceso de ensinanza aprendizaxe, mediante unha investigación etnográfica, a través de estudo de caso, levada a cabo nun aula de 6º de educación primaria. Non se trata de realizar un traballo sobre a valoración dunha relación específica docente-estudiante senón de describir, analizar, determinar e establecer como estas interaccións están a influenciar na calidade o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Tras realizar unha revisión teórica dos conceptos propostos así como da metodoloxía a utilizar, estableceranse unhas conclusións a partir dos resultados obtidos mediante as observacións e entrevistas realizadas na presente investigación co obxecto de realizar unha reflexión sobre a idoneidade deste traballo para a formación de futuros docentes de educación primaria.

Palabras chave: interacción de aula, etnografía , proceso ensinanza-aprendizaxe.



## Índice

1. Introducción.....	1
2. Obxectivos: .....	3
3. Marco teórico e contextualización .....	5
4. Marco metodolóxico .....	9
4.1 Xustificación metodolóxica.....	9
4.2 Etnografía educativa .....	12
4.3 Técnicas e instrumentos de recollida de datos.....	14
4.3.1 Observación:.....	14
4.3.2 Entrevista.....	16
4.4 Validación dos datos.....	18
5. Informe da investigación.....	19
5.1 O centro .....	19
5.2 A interacción na aula de matemáticas. ....	24
5.3 A interacción na aula de galego.....	37
6. Conclusións.....	44
7. Reflexións sobre a idoneidade do traballo. ....	47
8. Bibliografía .....	49
Anexo I: Observación do caso de matemáticas.....	51
Anexo II: Observación do caso de lingua galega. ....	71
Anexo III: Guieiro da entrevista.....	83



## 1. Introducción

*“O transcurso do progreso educativo parécese máis ao voo dunha bolboreta que á traxectoria dunha bala”.*

Ph.W. Jackson, La vida en las aulas, Madrid, Morata, 1991, p.170.

Que sucede realmente nas aulas? Son moitos os autores que se fixeron esta pregunta e coincidiron na dificultade de dar unha resposta. O interese por comprender, coñecer e mellorar as relacións que se dan na aula é porque na escola non son só importantes os contidos que se aprenden, senón tamén o modo en que se aprende.

Durante as prácticas tiven a posibilidade de observar a diferentes docentes na mesma aula, aínda que as materias e o tipo de profesor eran moi diferentes, as interaccións co alumnado eran similares. Un grupo de alumnos era o que sempre demandaba a atención do profesorado e co que constantemente había que lidiar.

Sobre esta situación non volví a reflexionar ata a elección da temática do traballo de fin de grao, cando vin a proposta da temática interacción do alumnado nas listas das temáticas, non dubidei en escollela.

En moitas ocasións, cando os docentes están inmersos no proceso de ensinanza-aprendizaxe, perden á perspectiva do que acontece na aula. Están tan ocupados traballando contidos, transmitindo coñecementos, e desenvolvendo actitudes e habilidades, que non ven a realidade da aula, como o alumnado manexa, controla e temporaliza o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Neste traballo non se trata de facer unha comparativa entre mestres, ou de abordar cuestións sobre a calidade e metodoloxía da ensinanza, senón trátase de determinar e relatar como o alumnado debería ter o papel principal no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Este traballo ten como obxecto analizar como o alumnado inflúe nas dinámicas de aula e no proceso de ensinanza-aprendizaxe, así como de establecer a incidencia e a problemática

da excesiva influencia do alumnado nesta; non se trata de establecer unhas directrices de actuación ou solucións a este problema.

Este traballo xurde pola necesidade de investigar o que acontece realmente nas aulas, máis alá do análise de contidos, obxectivos... tal como di Walter Doyle *“a maioría das investigacións sobre ensinanza orientáronse cara os procesos que teñen lugar nas aulas nun sentido restrinxido, como accións (explicar, recordar, reforzar) que directamente fomentan o aprendizaxe, antes que como a globalidade de accións e interaccións nas que toma parte o profesorado e o alumnado no contexto da institución escolar”* (Jackson, 1991, p.15)

En adición, o obxecto de múltiples investigación foi poñer en claro a orixe de actividades de indisciplina de alumnos en concreto, para determinar a problemática sobre o proceso ensinanza-aprendizaxe, para así por remedio a estas situación. Delimitábanse comportamentos conflitivos no ámbito individual, isto favoreceu a que non se cuestionasen outras variables decisivas que sobrepasan o individual, como a interacción das persoas no contexto escolar. Un alumno por si mesmo non incide ou modifica totalmente o proceso de ensinanza-aprendizaxe, senón nun contexto determinado e único é cando isto acontece. Se non se teñen en conta as variables contextuais o obxecto de estudio neste ámbito carece de valor algún, pois, modificando o contexto modifícanse os resultados.

No prólogo do libro a vida nas aulas pódese atopar un epígrafe con respecto a este tema que non me poden resistir a plasmalo neste traballo: *“O contexto da aula, como lugar onde se producen procesos de ensinanza aprendizaxe tanto intencionados como non intencionados, ten una serie de propiedades distintivas que afectan as persoas que alí interaccionan e actúan, pese ao tipo de organización dos alumnos e alumnas que se establecera e á filosofía educativa á que estea adherido o profesorado. En outras palabras, existen peculiaridades importantes que caracterizan e acompañan as intervencións que teñen lugar no marco do aula, tales como: a multidimensionalidade, simultaneidade, inmediatez, imprevisibilidade (...). Estas características da vida que teñen lugar no interior das aulas crean presións constantes sobre as planificacións e decisións do profesorado e condicionan, en maior ou menor medida, as interaccións e actividades de ensinanza aprendizaxe”* (Jackson, 1991, p.17).



## 2. Obxectivos:

É necesario antes de especificar os obxectivos a acadar con este traballo, o plantexamento de preguntas a priori, sobre o fenómeno que é obxecto de estudo.

Antes do comezo do traballo, as prácticas suscitaronme unha serie de preguntas baseadas na interacción da aula, tanto profesor-alumno, como entre o propio alumando. En que se basea un profesor para atender a un alumno ou a outro cando os dous levan xa un rato coa man levantada? É por inercia? Como isto inflúe ao resto do alumnado? Canto tempo ten que esperar cada un para que chegue a súa quenda? Como esta espera inflúe na súa aprendizaxe? Como o profesor pode controlar a interacción entre o alumnado de toda a aula? Como esa interacción inflúe no resto? Por que hai alumnos que demandan a atención do profesorado de forma exponencial? O profesorado é consciente? Como afecta ao resto?

Ao principio non me decatara que estas preguntas tiñan un obxectivo principal, o cal sería o fío condutor do meu traballo de fin de grao, como a interacción condiciona o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Os obxectivos plantexados que se pretenden acadar para a consecución do obxectivo principal son:

- Describir, interpretar e analizar o proceso de interacción nun aula de educación primaria.
- Analizar e explicar a influencia da interacción no proceso ensinanza-aprendizaxe.
- Determinar e analizar se o proceso de ensinanza-aprendizaxe está condicionado pola totalidade do grupo aula.
- Analizar e reflexionar sobre a influencia das condutas disruptivas no proceso ensinanza-aprendizaxe.
- Analizar se a demanda de atención de casos individuais do alumnado condiciona o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A raíz destes obxectivos plantexei varias preguntas máis específicas que se poden considerar os subobxectivos do traballo: O alumnado inflúe sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe ou é o profesorado que o determina?, hai alumnado que demanda una maior interacción na aula? como? que respostas obteñen?, que tipo de alumnado demanda máis interacción?, as interrupcións e condutas disruptivas afectan ao proceso de ensinanza-aprendizaxe? como?, O profesorado é consciente de como a interacción inflúe no proceso de ensinanza-aprendizaxe?

### 3. Marco teórico e contextualización

Antes de desenvolver a investigación é importante conceptualizar os dous elementos en torno aos que esta investigación xira, o proceso de ensinanza-aprendizaxe e a interacción.

A ensinanza é o proceso mediante o cal se transmiten coñecementos especiais ou xenerais sobre unha materia, estes parten do docente, intentando que o alumnado realice accións internas que produzan a adquisición, consolidación e reestructuración destes coñecementos transmitidos.

Hai que diferenciar entre ensinanza e educación, a primeira limítase a transmitir coñecementos por diversos medios e a segunda, ten por obxecto a formación integral da persoa.

Pódese definir aprendizaxe como os procesos cognitivos que teñen como finalidade a adquisición de coñecemento ou o cambio comportamental producido e experimentado polo que aprende.

Historicamente, ata aproximadamente os anos 70, concibíase a ensinanza e o aprendizaxe como actividades diferentes (Rivas, 2003). As actividades da ensinanza as promovía o docente para facilitar o aprendizaxe, e o aprendizaxe o realizaba o alumnado coa intención de dominar uns coñecementos, destrezas... Este tratamento diferenciado denomínase binomio ensinanza-aprendizaxe, o primeiro estudado dende o ámbito da didáctica e o segundo da psicoloxía (Rivas, 2003).

A Psicoloxía Cognitiva propiciou o tratamento da ensinanza e aprendizaxe como un proceso conxunto, global e interactivo, que finalmente a Psicoloxía da Instrución o concretou como proceso de ensinanza-aprendizaxe. Esta rama da psicoloxía determinou que sobre o binomio ensinanza e aprendizaxe actuaba un elemento, o currículo. Finalmente determinouse que o o proceso de ensinanza-aprendizaxe estaba formado por tres elementos chave: o profesor, os contidos e o alumno, actuando sempre en triple interacción e mobilizándose para conseguir unha mesma meta (Rivas, 2003).

A base fundamental do proceso de ensinanza-aprendizaxe atópase representada pola relación asociada que existe entre a resposta e o estímulo que a provoca. O suxeito que ensina é o encargado de provocar dito estímulo, co fin de obter a resposta no individuo que aprende (Edel, 2004).

Respecto ao concepto de interacción creo preciso, en primeiro lugar, definir interacción para logo conceptualizar a interacción didáctica, que é a que se atopa nas aulas.

O concepto de interacción foi estudado por diferentes ciencias, especialmente a psicoloxía e a socioloxía. Unha das teorías que intentou explicar a interacción, é a dos roles; esta teoría expresa que o rol é independente da persoa que o desempeña. Aínda que esta foi descartada porque a natureza da interacción considérase moito máis ampla e complexa, formada por moitos factores, a súa característica esencial é o carácter dinámico e de relación entre dúas persoas polo menos (Casado, 2010).

As interaccións pódense realizar de moitos modos: verbal, escrito, xestual... Como *Asch* indica, a característica principal da interacción é o seu carácter procesual, no que existe unha influencia recíproca e unha mutua interdependencia, polo que se transmiten símbolos compartidos, facendo que o comportamento dun dependa, en parte, do comportamento do outro (Casado, 2010)

Este último epígrafe lévanos a definir a interacción didáctica, que é a que nos atañe, como *“conxunto de relacións manifestas e latentes que se producen na aula entre os alumnos e os profesores”* (Casado, 2010, p.53), considerándose o proceso de ensinanza-aprendizaxe como eminentemente interactivo. A interacción facilita a comunicación e o intercambio de ideas de profesor e alumnos, converténdose nun compoñente activo da ensinanza.

En moitas ocasións dase por sentado que a interacción na aula é de carácter dialogico, que é *“un diálogo o que se desenvolve no salón, e que os estudantes atópanse nun constante intercambio co docente como facilitador e promotor dos procesos de pensamento, amén de transmisor obxectivo de coñecementos”* (Velasco, 2007, p.1) deixando sen consideración outros factores igual de decisivos na interacción na aula, os signos non verbais como son os xestos, accións, as actuacións docentes...

Watlawich (1981) entende que a interacción didáctica é un proceso comunicativo a dobre nivel: Que se di (as actividades organizadas en torno aos contidos) e como se di (o tipo de

relacións entre profesores e alumnos en función das expectativas, actitudes, valores, necesidades) que enmarcará o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Desta última concepción derívase que os mestres non atendan só a dimensión académica (os contidos) senón tamén a dimensión social da relación. Nas aulas podémosos atopar dous tipos de interaccións: a interacción entre iguais (alumno-alumno) e a interacción a diferentes niveis xerárquicos (profesor-alumno).

Tradicionalmente, psicólogos e pedagogos consideraron a interacción profesor-alumno como a máis decisiva para o logro dos obxectivos educativos, tanto dos referidos ao aprendizaxe de contidos como dos que concirnen ao desenvolvemento cognitivo e social (Coll, 1984).

Johson (1984) afirma que o énfase da interacción profesor-alumno atopase nas relacións que se establecen entre os alumnos durante o transcurso das actividades de aprendizaxe, e teñen unha influencia secundaria, indesexable ou molesta, sobre o rendemento escolar, pois o elemento decisivo non é a cantidade de interacción senón a súa natureza.

Na presente investigación estase a tratar a problemática da interacción docente-alumnado nun caso específico dun centro urbano preocupado polos problemas que presenta o alumnado en relación ao proceso de ensino-aprendizaxe. Neste traballo participaron 26 alumnos da clase de 6º de educación primaria do CEIP Plurilingüe Jowita, así como dous docentes de materias distintas e como veremos, con procesos de interacción co alumnado tamén distintos.

O CEIP Plurilingüe Jowita trátase dun centro concertado, concretamente dunha cooperativa. O colexio está formado en total por trece unidades. Tres de educación infantil (segundo ciclo), seis de educación primaria (tres ciclos) e catro de educación secundaria (primeiro e segundo ciclo). É un centro dunha soa liña e cun total de trescentos vinte e tres alumnos. É un centro cun ideario liberal cunha ensinanza innovadora na que predominan os xogos, o traballo en equipo e as TIC. O seu horario é de 9:00 a 16.00 con posibilidade de comer no comedor do colexio (12.20-14.20) ou saír do centro ás 12.20 e volver ás 14.20, os propios pais os veñen a recoller as aulas ou firman un permiso para que os nenos podan saír sos.

Este centro no ISEC aparece como un centro educativo cun nivel sociocultural e económico alto. Isto pode deberse a que está integrado por familias con profesións liberais ou vinculadas a centros educativos.

A aula de 6º caracterízase pola diversidade de alumnado, podemos atopar desde alumnos con NEE ata alumnos con intereses máis avanzados aos da súa idade.

Esta aula está moi marcada polos roles sociais, que se agrupan en torno dous grupos moi diferenciados, como característica esencial dos grupos destaca que se forman en relación aos roles sociais que cada alumno exerce dentro da aula.

A división destes grupos é claramente visible, pois en moi poucas ocasións soen relacionarse. Por unha banda hai un grupo caracterizado pola interactividade, son alumnos moi participativos; isto pode deberse ao momento evolutivo no que se atopa o alumnado, a adolescencia, aínda que atoparse neste período tamén fai que sexan máis incontrolables e que presenten condutas disruptivas.

O segundo grupo é menos interactivo, caracterízase por estar composto polos nenos menos participativos, tímidos e con necesidades educativas especiais<sup>1</sup> isto fai que a clase estea dominada polo primeiro grupo.

---

<sup>1</sup> A partir de agora referireime a este termo como n.e.e

## 4. Marco metodolóxico

### 4.1 Xustificación metodolóxica

En primeiro lugar considero necesario definir e conceptualizar a metodoloxía cualitativa, pois ao ser un traballo etnográfico baseado nun estudio de casos está situado baixo este tipo de investigación.

Non é doado conceptualizar investigación cualitativa, pois como sinala Ruiz Olabuénaga en relación aos métodos de investigación cualitativa, “é máis fácil describilos que definilos”. Ao longo dos anos este concepto foi evolucionando e cambiando segundo as diferentes perspectivas dos autores baseándose no énfase que lle outorgan a diferentes elementos da investigación.

Algúns autores como Strauss e Corbin enfatizan o carácter cualitativo a través da información recollida e o seu análise: *”por investigación cualitativa entendemos calquera tipo de investigación que produce resultados aos que non se chegou por procedementos estatísticos ou de outro tipo de cuantificación”* (Sandín, 2003, p.121). Poden ser investigacións sobre a vida das persoas, historias, comportamentos, así como sobre o funcionamento organizativo, movementos sociais ou relacións e interaccións. Algúns dos datos poden ser cuantificados pero o análise é cualitativo (Sandín, 2003). Outros autores como Pérez Serrano destacan a interrelación entre o desenvolvemento do proceso de investigación e o deseño da mesma, considerando a investigación cualitativa como un proceso activo, sistemático e rigoroso de indagación dirixida, na cal se toman decisións sobre o que se está a investigar, xa dentro do campo de estudo (Sandín, 2003), e subraia o foco de atención dos investigadores: *“descricións detalladas de situación, eventos, persoas, interaccións e comportamentos que son observables, incorporando a voz dos participantes, as súas experiencias, actitudes, crenzas, pensamentos e reflexións tal e como son expresadas por eles mesmos”* (Sandín, 2003, p.121).

Denzin e Lincoln (1993) baseándose en Nelson ofrecen unha definición de investigación cualitativa, unha das máis reproducidas nos últimos anos nas obras de metodoloxía educativa: *“a investigación cualitativa é un campo interdisciplinar, transdisciplinar e en ocasións contradisciplinar. Atravesa as humanidades, as ciencias*

*sociais e as físicas. A investigación cualitativa é moitas cousas ao mesmo tempo. É multiparadigmática no seu enfoque. As persoas que a practican son sensibles ao valor dun enfoque multimétodo. Están comprometidas con unha perspectiva naturalista e unha comprensión interpretativa da experiencia humana. Ao mesmo tempo, o campo da investigación cualitativa é inherentemente político e perfílase a través de múltiples posición éticas e políticas. A investigación cualitativa abarca dúas tensións. Por un lado, supón unha ampla sensibilidade interpretativa, posmoderna, feminista e crítica. Por outro, recolle unha estreita definición das concepcións positivista, pospositivista, humanística e naturalista da experiencia humana e seu análise” (Sandín, 2003, p.121).*

As características xerais da investigación cualitativa cambian no sentido de que adoptan unha especificación particular dependendo dos métodos de investigación concretos, é dicir a investigación cualitativa está composta por varios tipos de investigación, coa que eu traballo, a etnografía, é unha delas. Esta variedade de perspectivas que se engloban baixo o termo de investigación cualitativa fan máis difícil poder establecer unhas características xerais deste método.

Aínda así, podemos atopar unha serie de características fundamentais que se lle outorgaron tradicionalmente aos estudos cualitativos, estas son: atención ao contexto, a experiencia humana ten lugar en contextos particulares, polo tanto estes acontecementos non poden ser comprendidos correctamente se non se estudan dentro do contexto no que ocorren. Estes contextos son naturais e non construídos nin modificados, ademais concíbense de forma holística, é dicir, as situación ou experiencias son consideradas na súa globalidade e cara as cualidades que as regulan.

A persoa que investiga e desenvolve a investigación considérase o instrumento principal, pois é o que realiza a interacción co fenómeno de estudio e recolle os datos sobre el. Outro dos rasgos dos estudos cualitativos é o seu carácter interpretativo, segundo Eisner a interpretación ten dous sentidos: por unha parte o investigador trata de xustificar, elaborar ou integrar nun marco teórico os seus haxazgos, e por outra pretende que as persoas estudadas falen por si mesmas, desexa achegarse a súa experiencia particular desde os significados e a visión do mundo que posúen a través da “descrición densa”. A característica fundamental radica na reflexividade, este concepto refírese a prestar unha especial atención aos diferentes elementos (lingüísticos, sociais, culturais, políticos) que inflúen no proceso de



desenvolvemento do coñecemento e na linguaxe e narrativa, impregnando a produción dos resultados.

Finalmente, e como resumo deste epígrafe, podemos concluír con que a investigación cualitativa abarca basicamente aqueles estudos que desenvolven os obxectivos de comprensión dos fenómenos socioeducativos e transformación da realidade.

Como xa se mencionou anteriormente a investigación cualitativa non se basea nun concepto teórico e metodolóxico unificado, senón que diversos enfoques e o seus métodos caracterizan os debates e a práctica da investigación. A continuación pasarase a describir a etnografía, pois so entendendo e conceptualizando esta, poderase entender os obxectivos e desenvolvemento do traballo.

A etnografía é unha modalidade de investigación das ciencias sociais que xurde da antropoloxía cultural, particularmente coa perspectiva teórica estrutural-funcional, e da socioloxía cualitativa, por isto forma parte da metodoloxía cualitativa.

Unha etnografía é *“unha reconstrución analítica de escenarios e grupos culturais intactos. Recrean para o lector as crenzas compartidas, prácticas, artefactos, coñecemento popular e comportamento dun grupo de persoas.”*(Goetz & Le Compte, 1988, p.28). Como consecuencia disto os etnógrafos examinan grupos e procesos comúns como se fosen únicos e excepcionais, porque isto permite apreciar os aspectos, tanto xerais como detallados, precisos para dar credibilidade a súa descrición.

Ademais de produto, como xa vimos anteriormente, a etnografía é un proceso, unha forma de estudar a vida humana. O deseño etnográfico require estratexias de investigación que conduzan a reconstrución cultural.

A investigación etnográfica conleva unha filosofía interpretativa e reconstrutivista, con este deseño trátase de describir e reconstruír, de forma sistemática e detallada, as características das variables e fenómenos co fin de xerar e perfeccionar categorías conceptuais, descubrir e validar asociacións entre fenómenos, ou comparar constructos e postulados xerados a partir de fenómenos observados en escenarios distintos.

## 4.2 Etnografía educativa

A partir da conceptualización de etnografía creo preciso dar unhas breves pinceladas de como esta axuda no campo educativo, pois, este traballo é para o ámbito mencionado e sería pouco procedente non facer unha conexión e reflexión dos aportes da etnografía a este campo.

Trasladándonos ao ámbito escolar a etnografía educativa xurde no século XX a través da antropoloxía e socioloxía educativa. Como Goetz e LeCompte afirman: “*O obxecto da etnografía educativa é aportar valiosos datos descritivos dos contextos, actividades e crezas dos participantes nos escenarios educativos*” (Sandín, 2003, p.155). Esta centrase en descubrir o que acontece cotidianamente, aportando datos significativos dun xeito o máis descritivo posible, para máis adiante interpretalos e poder comprender e intervir adecuadamente nas aulas. Os datos obtéñense das interaccións, valores, actividades de todos os participantes, tanto profesores como alumnos, incluso do propio investigador .

Pois se fixera unha investigación de tipo cuantitativo con porcentaxes, medias... habería unha abstracción das informacións que intentaba conseguir, e dicir ese tipo de investigacións amosan uns datos fiables e precisos fundamentados en dimensións teóricas, pero eu o que precisaba era chegar á diversidade, irregularidade, valores inherentes aos contextos sociais, é dicir, buscar como actúan os docentes e alumnos. A identificación e valoración destas variables son dificilmente compatibles cunha investigación de tipo cuantitativo.

A investigación etnográfica é un grande aliado para a educación, pois axuda a desvelar as teorizacións implícitas e as rutinas que sustentan a praxis dos educadores, tamén serve para ver o grado de eficacia que estas permiten. Sen embargo as etnografías non deben darse exclusivamente dun modo descritivo, senón que, deben axudar a suxerir alternativas tanto teóricas como prácticas, que conleven unha mellor intervención pedagóxica.

Ademais esta práctica salvagarda os dereitos, intereses e as sensibilidades dos informantes (profesores e alumnos), pois é un dos principios das investigacións etnográficas. Para comprender esta afirmación é preciso dicir que as finalidades da investigación etnográfica teñen que ser comunicadas e pactadas cos profesores, e na medida do posible cos estudantes. Outro dos obxectos da investigación etnográfica no ámbito educativo é contribuír

á mellora dos procesos de ensinanza-aprendizaxe e ao perfeccionamento do profesorado implicado.

O carácter circular do deseño etnográfico e a continua interacción entre a recollida e o análise dos datos, impiden definir claramente as etapas da investigación etnográfica, por isto o deseño etnográfico non se pode fixar de antemán, este vaise construindo e reformulando ao longo do mesmo proceso de investigación. O que si se pode explicitar, son cuestións que orientan a investigación etnográfica e axudan a establecer o marco que representa o deseño inicial da investigación, por exemplo: quen é o grupo, onde actúa... este primeiro punto de partida exporase a continuación.

Nos estudos etnográficos os medios polos que se levan a cabo a selección das mostras son moi diversas. Hai experimentadores que apoian a súa preselección, é dicir escoller deliberadamente aos suxeitos, para finalmente poder facer unha xeneralización máis ampla, que se estenda a toda a poboación. Sen embargo Reichardt e Cook (1979) sinalan que esta xeneralización só pode realizarse cando os suxeitos non sexan seleccionados deliberadamente, senón ao azar entre a poboación.

Pola súa banda, os etnógrafos apoian á selección de forma pragmática e informada, en lugar do muestreo por probabilidade. Isto débese a que o fin da etnografía non é transferir directamente os resultados dun grupo investigado á poboación, senón comparar e traducir os descubrimentos dese determinado grupo base de estudo.

Eu decanteime pola elección de forma pragmática, pois xa estivera observando a este alumnado durante o Practicum II do Grao de Educación Primaria, do 15 de Setembro ao 21 de Decembro do 2012.

Para poder realizar a miña propia investigación, o primeiro paso foi enviar un correo electrónico aos docentes cos que estivera na aula, para preguntarlles se estarían dispostos a que observara algunhas das súas clases para poder elaborar o meu traballo de fin de grao,

*“Ola María e Ramón. Son Andrea Fernández do practicum II de E.P. Estou a facer agora o proxecto de final de carreira co tema interacción na aula entre alumno-profesor e alumno-alumno. Mándovos este email por se vos gustaría colaborar comigo e poder ir a tomar datos á escola. Se queredes pódome achegar algún día a explicarvos máis sobre o proxecto e a falar coa directora, pero primeiro quería preguntaros a vos.*

*Un saúdo.*

*Andrea”*

Ao dicirme que non había ningún problema, fun xunto a directora do centro para pedirlle a ela o consentimento. Acordei as datas e as horas nas que ía a observar ao alumnado e profesorado da aula de 6º de educación primaria. Estiven observando mediante unha observación non participativa durante 4 semanas comprendidas entre o 21 de Marzo e 10 de Abril todos os mércores as clases de matemáticas de 10.00 a 11.00 e de lingua galega de 14.20 a 15.10.

### **4.3 Técnicas e instrumentos de recollida de datos.**

Na investigación cualitativa existen varias técnicas de recolección de datos, o seu propósito é obter información dos participantes fundamentada nas percepcións, as crenzas, opinións, significados e actitudes (Vargas, 2012). Recentemente o campo da educación viu o crecemento do número de estudos cualitativos que inclúen a observación como unha forma de recollida de información, así como a entrevista, pois é unha valiosa técnica para a recollida de datos. Os métodos cualitativos de recolección de datos, como entrevistas, observación...forman parte incuestionable da investigación etnográfica (Kawulich, 2005).

Como xa se mencionou anteriormente a observación nesta investigación foi non participativa, pero como xa estivera nesta aula durante o practicum II tamén tiña información dunha observación participativa feita con anterioridade, aínda que non totalmente rexistrada. A continuación pasarei a conceptualizar as técnicas e instrumentos empregados para a recollida dos datos, e aclarar os termos relevantes da observación non participativa e a entrevista, pois foron as técnicas empregadas para a realización desta investigación.

#### **4.3.1 Observación:**

Marshall e Rossman (1989) definen a observación como “*a descripción sistemática de eventos, comportamentos e artefactos no escenario social elixido para ser estudado*”. Ademais

as observacións aportanlle a facultade ao observador para describir situacións existentes empregando os cinco sentidos, é dicir proporcionando unha “fotografía escrita” da situación de estudio (Kawulich, 2005).

As observacións son necesarias para mellorar a comprensión do caso de estudio, por iso precisamos que as observacións sexan pertinentes para o noso caso. “*A observación cualitativa traballa con episodios de relación única para formar unha historia ou unha descrición única do caso (...) significa atopar bos momentos que revelen a complexidade única do caso*” (Stake, 1999, p.62) En adición, esta proporcionannos a materia de traballo que será o obxecto, despois do tratamento mediante a clasificación, análise e explicación. Durante a observación no estudio de casos rexístranse os acontecementos para ofrecer unha descrición “incuestionable” para posteriores análises e o informe final. Ademais procurase non interpretar as relacións sobre a marcha. Deste xeito o investigador exerce dous roles, un cunha mente pechada pola cal non busca oportunidades para que o deseño se expanda e por outra o investigador comproba cada anotación, suceso...posibilitando que ao observar as cousas de forma diferente poida cambiar o reencontro.

Como xa dixen anteriormente o tipo de observación é non participante, é unha estratexia non interactiva de recollida de datos etnográficos, permitindo ao investigador reunir material desenvolvendo unha interacción escasa ou nula cos participantes obxecto de estudo, para non influír nos fluxos de acontecementos. Pois esta esixe a un observador separado, neutral e non intrusivo que elabore un rexistro completo e exacto dos datos observables, considerando a interacción social cos participantes unha fonte de distracción que pode concluir a distorsións nos datos. Tamén é certo que sempre que un investigador observa unha escena adquire roles e estatus, ao realizar estudos en escenarios educativos, os investigadores interactúan con mestres e alumnos aínda que só sexa de forma non verbal. Pero o que nos interesa é como ten lugar a interacción cando non está presente un observador externo, por iso os observadores non participantes adoitan situarse no lugar menos intrusivo da aula pero no cal podan observalo todo. A dificultade deste tipo de observación está en inserirse ao mesmo tempo nunha escena pero sen perturbala, pasando desadvertidos.

A observación non participante non se emprega como técnica inicial ou exploratoria, senón para abordar problemas, temas... é adecuada para a fase de perfeccionamento e verificación do proceso de investigación, pois normalmente, con anterioridade adoitase realizar unha etapa de observación participativa onde se desenvolve o rapport, e unha segunda

non participativa para efectuar os rexistros dos datos. A miña etapa de observación participativa con rapport corresponde aos tres meses de prácticum onde tiveron tempo para observar os seus comportamentos, actitudes, formas de ser, emocións... de coñecer e conectar cos rapaces. Durante este traballo realicei a observación non participativa onde anotaba todo o que acontecía no aula, pois xa tiña coñecemento das características individuais do alumnado, so me faltaba rexistralas. Ademais proporcionoume métodos para revisar as expresións non verbais, determinar quen interactúa con quen e verificar canto tempo se gasta en determinadas actividades.

Despois desta observación, para poder facer unha triangulación da metodoloxía de investigación, propúxenlle ao profesorado a facer unha entrevista sobre a interacción na aula. Para a realización desta entrevista fixen un guieiro (anexo III) que llo enviei ao profesorado antes da realización da entrevista. A entrevista fíxose de forma conxunta pois era un requirimento específico do profesorado para acceder a realizala e sen posible gravación. A entrevista foi realizada o mércores 15 de Maio de 13.15 a 14.15 h.

#### 4.3.2 Entrevista

Denzin e Lincon (2005) definen a entrevista “como unha conversación, é o arte de realizar preguntas e escoitar respostas” (Vargas, 2012, p.121).

Mediante a entrevista cualitativa recompilase información detallada, pois a persoa que informa comparte oralmente co investigador aquilo que concirne a un tema específico ou evento da súa vida (Vargas, 2012). Kvale (1996) sinala que o propósito da entrevista é obter descrições do mundo vivido polas persoas entrevistadas, co fin de lograr interpretacións fiables do significado que teñen os fenómenos descritos.

A entrevista realizada ao profesorado foi unha entrevista semiestructurada ou semiestandarizada, coas mesmas preguntas para os dous docentes.

Scheele e Groeben (1988) apoian que este tipo de entrevistas serven para reconstruír as teorías subxectivas, é dicir, o entrevistado ten un caudal complexo de coñecementos sobre o asunto de estudo. Durante as entrevistas o contido da teoría subxectiva reconstrúese, os entrevistadores mencionan varias áreas temáticas, introducindo cada unha destas a través dunha pregunta aberta e finalizándose cunha pregunta de confrontación. “*Moito do que non*

*podemos observar persoalmente, outros xa o observaron ou o están observando. Dúas das utilidades principais do estudio de casos son as descrições e interpretacións que se obteñen doutras persoas. Non todos verán o caso da mesma forma (...) e a entrevista é o cauce principal para chegar as realidades múltiples” (Stake, 1999, p.63).*

A entrevista foille enviada con anterioridade ao profesorado para evitar as respostas de si ou non e conseguir unha descripción, relación ou explicación sobre o tema da pregunta formulada. Durante a mesma eu tiña que estar moi atenta tanto á hora de formular as preguntas como de recoller as respostas, pois ao ser unha entrevista con preguntas moi abertas formulaba máis preguntas en función das respostas e reaccións do profesorado. *“No momento de formular (as preguntas) ás persoas, o entrevistar sobre todo debe escoitar (...) pero sen deixar de controlar a recollida de datos, pensando qué forma terá a narración escrita. Hai que ter en mente as preguntas principais, as sondas elaboradas coidadosamente, e algunha vez que outra facer a pregunta desagradable, asegurándose de que dixo o que se dixo, ou preguntando se se quería dicir o que era evidente que se quería dicir” (Stake, 1999, p.64).*

Nunha entrevista semiestruturada o esquema de preguntas e a secuencia non está prefixada, as preguntas son flexibles e abertas, para que se poidan adaptar ás necesidades da investigación e as características dos entrevistados. Neste tipo de entrevistas destaca a interacción entrevistador-entrevistado, xa que o obxecto da entrevista máis que explicar é entender o obxecto de estudio.

A entrevista como xa dixen foi realizada aos dous mestres das clases nas que se realizou a observación, estes mestres son informantes chave, pois son individuos en posesión de coñecementos, status ou destrezas comunicativas especiais que están dispostos a cooperar co investigador. Estes informantes chave normalmente son elixidos, no meu caso tamén, porque teñen acceso a datos inaccesibles para o etnógrafo. Ademais o emprego de informantes chave engade aos datos recollidos de base un material imposible de obter doutra forma, a causa das limitacións temporais de estudos, como polos roles que exerce o investigador. Por outra parte, os informantes chave aportan reflexións, perspectivas... que o investigador non considerara, así como poden sensibilizar ao investigador cara as cuestións valorativas dunha cultura e as implicacións dalgúns haxazgos en concreto. Os informadores ao ser entrevistados poden suministrar observacións que normalmente son de segunda man e que os investigadores non poden coñecer por si mesmos.

#### 4.4 Validación dos datos.

*“Na nosa busca de precisión e de explicacións alternativas, precisamos disciplina, precisamos estratexias que non dependan da simple intuición e das boas intencións de facelo ben. Na investigación cualitativa, esas estratexias denomínanse triangulación”* (Stake, 1999, p.94).

A triangulación implica reunir unha variedade de datos e métodos para referilos ao mesmo tema ou problema, implica que os datos se recollan desde distintos puntos de vista e realizar comparacións múltiples dun fenómeno único, empregando perspectivas diversas e múltiples procedementos.

*“Para Denzin a triangulación pódese definir como a combinación de metodoloxías no estudio dun mesmo fenómeno. Para Kemmis consiste nun control cruzado entre diferentes fontes de datos: persoas, instrumentos, documentos ou a combinación destes”* (Serrano, 1994, p.81).

A triangulación é un método para validar os resultados das investigacións, pois os datos cualitativos pola súa propia esencia teñen problemas de consistencia, é dicir estes conteñen características dos procedementos metodolóxicos polos cales foron recollidos. Por iso é preciso recoller datos con diferentes métodos, para así poder contrastar puntos de vista diferentes sobre unha mesma situación. O problema que se presenta nos estudos de casos é o de establecer un significado e teoría na mesma, asúmese deste xeito, que o significado dunha observación é unha cousa, pero as observacións adicionais sérvennos de base para a revisión da nosa interpretación.

En definitiva, a triangulación presenta moitas vantaxes nas investigacións sociais porque ao empregar diferentes métodos de investigación estes actúan como filtros a través dos cales se capta a realidade de modo selectivo. Por iso é preciso recoller os datos do caso de estudio con diferentes metodoloxías, porque se os métodos difiren o un do outro proporcionarán ao investigador un maior grao de confianza. A triangulación oblianos unha e outra vez á revisión.



## 5. Informe da investigación.

### 5.1 O centro

O CEIP Plurilingüe Jowita é de cor amarelo ovo e está composto por dous pisos, vense grandes fiestras nas aulas e dúas portas acristaladas que invitan a entrar. Despois de pasar esas dúas portas hai un espazo de espera ante outras dúas portas de cristais que teñen que abrir os conserxes do centro. Neste espazo vemos algúns dos traballos do alumnado do centro en datas sinaladas, como os traballos que fixeron no Entroido.


Ao entrar no centro, atopamos a man dereita a conserxería. Neste punto o centro bifúrcase en catro posibles camiños a elixir, de fronte con outras portas acristaladas que abren paso ao corredor do patio, e entrada na aula de infantil. Unhas escaleiras que soben ao segundo piso, as aulas das especialidades e de educación secundaria; e un corredor longo no que podes xirar a dereita conducíndote a aula de 1º de educación primaria e o comedor ou a esquerda convidándote a pasar por diante das aulas de primaria. A través das fiestras do corredor pódese ver o patio da escola, se miramos cara as clases podemos ver traballos realizados . Ao final corredor atópase a aula de 6º de educación primaria, o meu lugar de encontro. Antes de entrar na aula atopámonos cun taboleiro de anuncios sobre o que acontece na mesma: información para os pais do alumnado sobre as visitas e actividades, o horario e unha folla de titorías individualizadas para que os pais podan anotarse.

Cando entramos na aula atopámonos as mesas colocadas por parellas, salvo tres que están xuntas, diante dunha mesa grande de traballo. Esta está diante á dereita, pegada á fiestra, ao final da aula tamén atopamos outra mesa, pero esta é a mesa de traballo do docente, co seu material de traballo e un ordenador e impresora.

No fondo, ao carón da mesa do docente atopamos un pequeno moble no que se gardan materiais como folios, pinturas...e unha pequena biblioteca, composta por libros que os nenos poden coller para ler en momentos libres ou cando rematan as tarefas. Ao lado da biblioteca teñen un pequeno moble e unha mesa na que están as pinturas, rotuladores, pegamentos... dispoñibles para o alumnado. A parede esquerda da aula está composta por andeis nos que hai xogos de mesa, caixas con antigos proxectos e outros materiais didácticos. No final da aula,

na parte esquerda, atopamos un armario branco e morado no que están os ordenadores do proxecto abalar.

As mesas están colocados en tres columnas, a primeira (entrando desde a porta) con catro filas de dous alumnos por fila, o mesmo criterio segue a segunda columna e a terceira (pegada á fiestra) está composta por catro filas, a primeira delas con tres mesas, pero tan só dúas ocupadas e as tres restantes con dúas mesas por fila. Entre a segunda e terceira columna, antes da terceira fila da segunda columna e despois da segunda fila da terceira columna atopamos unha parella de mesas.



A distribución da aula é dinámica, adáptase as diferentes áreas e actividades. Na área das linguas e matemáticas a aula é máis estática, salvo en ocasións que se precisa doutra distribución porque o alumnado está traballando en grupos cooperativos, como o caso do conto en grupo de lingua galega e a sesións de xogos e material interactivo de matemáticas. Na área de proxecto a distribución varía dependendo das actividades que se van realizar, posto que é unha área na que se adoita traballar en grupos cooperativos.

Con respecto ás clases nas que observei durante a realización deste traballo, non hai modificacións significativas na distribucións da aula, tan só o cambio de situación dun neno, Darío, con respecto as clases de matemáticas e lingua galega. Darío nas clases dos mércores de lingua galega cambiase ao sitio que está a carón de Leticia, no conxunto de tres mesas que están diante da mesa grande de traballo, pois é máis sinxelo para o mestre prestarlle o libro para o seguimento da lectura e atendelos nas súas dúbidas individuais.

Na aula de 6 de educación primaria de Jowita conviven alumnos moi diferentes. Dende nenos con n.e.e, pasando por nenos con pequenas dificultades de aprendizaxe, ata outros cuns intereses máis avanzados aos da súa idade. Nesta aula podemos atopar varios casos de alumnado con n.e.e, concretamente un neno e unha nena. O neno ten Síndrome de Down que xa esgotou as non promocións, agora mesmo ten unha adaptación curricular significativa do 2º ciclo en todas as materias. O mesmo acontece coa outra nena, que ten una adaptación curricular significativa do 2º ciclo agás en música. Estes nenos teñen apoio dunha pedagoga terapéutica que acude algunhas horas á aula, aínda que está dispoñible para todos os nenos que precisen axuda. Tamén atopamos outros casos de nenos con dislexia e trastornos na lectoescritura Antonio e Laura, TDA e TDAH Celia e Néstor respectivamente. Así como un neno co síndrome de Klinefelter, Carlos, que afecta levemente ao seu ritmo de aprendizaxe.

Falando de interacción esta aula é moi interactiva, debido ao momento evolutivo no que se atopa o alumnado que a compón, a adolescencia. Ademais é unha clase moi movida polos grupos sociais, hai dous grupos totalmente diferenciados. Un deses grupos caracterízase por sei moi interactivo e participativo, con alumnos que presentan condutas disruptivas, chamadas de atención e problemas coa autoridade, problemas máis ou menos agravados con dependencia do profesorado que imparta clase na mesma, como Néstor, José, Pablo ou Alison e outros nenos que non presentan estas características, pero aínda así, demandan unha grande

parte da atención do profesorado. A aula está dominada e rexida por este alumnado, tanto nas relacións sociais do resto do alumnado como nas interaccións co profesorado. Son unha clase como xa dixen dividida en escalas de popularidade, se os populares queren facer algo ou algunha actividade a clase solidarízase, pero se é ao contrario isto non ocorrerá.

O outro grupo é moito menos participativo e está dividido en subgrupos, este grupo caracterízase por estar composto polos nenos con problemas de aprendizaxe agás Néstor e alumnos con uns intereses máis avanzados aos da súa idade como Leonor ou Luis.

O profesorado que imparte docencia nesta aula ten características totalmente diferentes, aínda que falando de educación o seu parecer ten moitos puntos de encontro. En relación coa temática do traballo, ambos consideran que a interacción forma parte do proceso de ensinanza-aprendizaxe, no ámbito global ambos parten dun ideario común que concirne a todo o centro, con liñas básicas que os definen: traballo en equipo con toda a comunidade, proporcionar un aprendizaxe para a vida (aprender a aprender, aprender a ser e aprender a convivir) e consideran á diversidade como fonte de riqueza. Con respecto ao principio da equidade ambos consideran este concepto moi importante falando de liñas de actuación pedagóxica, aínda que o mestre de galego considera que con un número menor de alumnado el partiría do principio da igualdade.

Mateo é un mestre de mediana estatura, moreno e delgado. É unha persoa introvertida e perseverante que se caracteriza por ter moita paciencia co alumnado, chegando a soportar momentos que moi poucos mestres poderían soportar. A súa pedagogía con respecto ao alumnado baséase no diálogo, en lugar de impoñer castigos ou sancións primeiro razoa con alumnado e se este segue a repetir ese comportamento, ponlles unha sanción ou aviso no encerado, ao chegar aos tres avisos o alumno queda sen 15 minutos do recreo.

A relación mestre de alumnado-mestre de lingua do grupo de 6º de educación primaria, caracterízase polas excesivas interrupcións do alumnado durante as explicacións. Cando o mestre está explicando o alumnado interrompe constantemente, tendo sempre que anotarlles no encerado e é raro que algún día ningún alumno estea castigado no recreo. Ademais se o mestre lles deixa poñer música para facer as actividades estes sempre queren máis, ou cambiar constantemente de canción ou subir o volume, aínda que se lles dixera explicitamente que non o poden facer, finalmente sempre conseguen que se lles quite a música. No fondo o alumnado da aula aprecia e valora moito a este docente.

María, a mestra de educación matemática é morena co cabelo rizado e de estatura media. É unha mestra esixente que non tolera as faltas de respecto e disrupcións, cun carácter forte pero ao mesmo tempo paciente.

Esta mestra crea un ambiente de aula no que todos poden participar, aínda que ante certos comportamentos incorrectos ou intolerables por parte do alumnado a súa actitude pasa a ser máis autoritaria, para poder controlar ao grupo.

Co alumnado ten unha relación próxima, pois foi titora deles durante tres anos, aínda que desde unha perspectiva de autoridade, é dicir, aínda que é flexible en certas tarefas e momentos o alumnado non demanda as cousas que demandan co outro mestre como música, ou tardar e estar falando ao comezo da clase.

## 5.2 A interacción na aula de matemáticas.

A clase dos mércores de matemáticas divídese en tres tempos, un primeiro dedicado ao cálculo, que se caracteriza por ser pouco interactivo; un segundo que corresponde á explicación e corrección dos exercicios, este é un dos momentos nos que se produce unha maior interacción profesor-alumno e un terceiro para facer as tarefas correspondentes á explicación, este último é onde se observa unha maior interacción entre os alumnos e de atención individualizada por parte do profesorado ao alumnado.

O tipo de actividades a desenvolver vai condicionar a interacción tanto entre profesor-alumno, como alumno-alumno.

A primeira hora baixan da clase de inglés e sempre chegan algo tarde, isto débese a que teñen que baixar do segundo piso e sempre se entreteñen falando polos corredores. Cando chegan á aula adoitan sentarse rapidamente, isto pode observarse nas horas das observacións que dende que entran á aula ata que comezan o cálculo transcorren 5 minutos.

O momento do cálculo adoita ser tranquilo, con pouca interacción tanto entre alumno-alumno, como docente-alumno. A mestra di un número e letra para comezalo e todos están en silencio para comezar, esta escasa interacción pode observarse: *“Pregunta unha letra e un número para que se comece dende aí nas táboas de cálculo. Todos comezan e están concentrados en silencio. Van entrando os que chegan tarde de inglés, séntanse en silencio nas súas cadeiras (aínda que mirándose dun xeito cómplice) e agardan a que remate o cálculo”*. *“Comezan o cálculo. Toda a clase está en silencio e concentrada. A mestra camiña pola clase para ver como van co cálculo, algúns miran ao fronte para pensar.”*

*“Comezan a chegar os alumnos. A mestra di: “veña cálculo que xa son e dez”. A mestra di: “F6 e o tempo comeza, xa!” Todos comezan a facer o cálculo, son as 10.13 minutos exactamente. Néstor non se decatou que xa comezaran o cálculo, toda a clase está en completo silencio, inmersos na súa tarefa. A mestra está diante da aula calada, vai xunto a Darío porque perdeuse na cuadrícula de cálculo, axúdao a continuar.”*

As n.e.e sempre demandan unha atención sen depender do tipo de tarefas, pois precisan unha maior atención derivada das súas características persoais, a mestra opina que na súa clase, en relación coas interaccións non hai alumnado con n.e.e. Considera que unha maior ou menor interacción, atención non se deriva das súas n.e.e senón das súas características individuais, isto pode verse na entrevista: *“Mestra Matemáticas: Eu non falaría de n.e.e porque para nos non hai este tipo de necesidades falando de interacción, senón diversidade de todo o grupo, non de n.e.e. Hai necesidades maiores ca outras pero o feito de ter n.e.e non significa que precisen unha maior atención.*

*Nos partimos do principio da equidade, non todos precisan o mesmo tempo, senón que cada alumno precisa un determinado tempo individual e iso é ao que nos nos axustamos”.*

Esta constante demanda da que se falaba con anterioridade pode verse na observación, pois no cálculo, aínda que adoita ser pouco interactivo, o alumnado con n.e.e sempre demanda atención nesta tarefa: *“A profesora di: “Comezamos E-3”. Todos buscan esas cordeadas na folla e comezan.*

*Leticia busca un bolígrafo cando o cálculo xa comezara, a mestra preguntalle que lle pasa. Esta vaise un momento da aula a mirar que está a pasar fora, todos están moi quedos e concentrados facendo o cálculo. Darío entra tarde na clase e a mestra mándalle facer o cálculo no recreo. Todos póñense a corrixir o cálculo e avisan á profesora cando rematan.”*

*“Comezan o cálculo.Toda a clase está en silencio e concentrada. A mestra camiña pola clase para ver como van co cálculo, algúns miran ao fronte para pensar. A mestra párase un anaco diante de Bastian para ver como vai, mentres Darío murmulla unha conta e como non a sabe mira a solución.”*

*“Darío entra na clase, tarde, como sempre. A mestra manda calar aos alumnos para poder comezar o cálculo. Esta dille a Darío que saque o cálculo rápido, que senón queda no recreo. A mestra di: “F6 e o tempo comeza, xa!” Todos comezan a facer o cálculo, son as 10.13 minutos exactamente. Néstor non se decatou que xa comezaran o cálculo, toda a clase está en completo silencio, inmersos na súa tarefa. A mestra está diante da aula calada, vai xunto a Darío porque perdeuse na cuadrícula de cálculo, axúdao a continuar.”*

Ademais o alumnado con NEE realiza máis tempo de cálculo, posto que teñen unhas follas diferentes aos dos seus compañeiros, con contas máis sinxelas e adecuadas para o seu nivel, concretamente Darío sempre remata máis tarde de facer o cálculo. Isto pode observarse: *“Darío fai ruído co bolígrafo e a mestra ríffalle, continúa explicando, mentres Darío continúa co seu cálculo. A mestra di que hoxe vai corrixir o cálculo en voz alta, algúns rapaces danse de conta que o primeiro resultado da táboa de corrección é erróneo”*.

*“Leticia corrixo soa os seus e Darío segue a facer o cálculo. Todos están calados e atendendo aos resultados.”*

A continuación comezan coas tarefas de corrección do cálculo, as veces son individuais e outras colectivas, é dicir, a mestra lee en voz alta as respostas correctas mentres o alumnado vai corrixindo, aínda que o alumnado con n.e.e sempre corrixo individualmente: *“Todos póñense a corrixir o cálculo e avisan á profesora cando rematan.”*

*“A mestra di que hoxe vai corrixir o cálculo en voz alta, algúns rapaces danse de conta que o primeiro resultado da táboa de corrección é erróneo. A mestra comeza a corrixir por se hai máis erros.”*

*“Comeza a ditar os resultados, mentres Leticia corrixo soa os seus e Darío segue a facer o cálculo. Todos están calados e atendendo aos resultados.*

*Néstor xoga cunha pulseira porque xa o corrixira e Leticia remata de corrixir. A mestra di: “Sigo? Tedes máis? Algúns din que si, a mestra está atenta a como corrixo o cálculo Antonio. Os que rematan de corrixir falan en voz baixa e a mestra segue a dicir resultados”*.

Nalgunhas ocasións o alumnado aproveita para falar cando remata a súa corrección, pero a mestra non llo permite, pois é un momento de silencio: *“Remata o tempo do cálculo e manda sacar os bolígrafos para corrixir, o alumnado comeza a dicir en voz alta cantas contas fixera, pero a mestra non actúa, segue de pé sen dicir nada ata que todos calan por inercia, a mestra di: “ Non vou a estar continuamente esperando a que collades as cousas, son e 15 e tardamos un minuto”*. Apúrase a hora de ditar os resultados do cálculo, Néstor dille que espere porque non lle da tempo, ela espera e comproba por onde vai. Pablo



*aproveita este momento para falar e a mestra dille que non se falta ata que todos rematen, que está a molestar aos que non remataron de corrixir”.*

*“Mestra: “Moi ben Antonio, fas máis que nas outras” di a mestra a Antonio. Mentres Marcos e Celia están a falar e a mestra rífalles. “Silencio absoluto, non dixeran que puiderades falar” replica a mestra.”*

Na entrevista a mestra menciona que o alumnado ten que diferenciar os momentos adecuados para cada cousa, este é un no que non se pode molestar aos compañeiros: *“Hai que diferenciar entre as normas e a interacción, por exemplo en matemáticas hai parte de exposición na que o alumnado non pode romper a dinámica de aula como levantarse, falar...”*

Despois da corrección os alumnos sacan o caderno e libro de matemáticas, este momento adoita ser bastante interactivo entre o propio alumnado, pois levántase a coller os libros e carteiras e aproveitan para falar cos compañeiros: *“Todos se levantan a coller as cousas a súas mochilas e aproveitan mentres tanto para falar cos amigos. Pablo e José quédanse de pé no final da aula falando.”*

*“Sacan o libro e o caderno, a mestra di os exercicios que teñen que facer.*

*Darío preguntalle que fai el, ela respóndelle que xa vai nun pouco. A mestra di: “Silencio”, todos están armando barullo ao levantarse a polos cadernos e os libros. Entra Alison e preguntalle á mestra que hai que facer, ela respóndelle que lle pregunte ao seu compañeiro.*

*“Silencio por favor, silencio por favor” di a mestra.”*

Cando todos se sentan cos libros e cadernos hai tres opción que poden acontecer, a primeira que a mestra revise os exercicios que tiñan que facer para ese día e súa posterior corrección, a segunda que de unha explicación sobre os exercicios que van a facer, ou unha terceira na que o alumnado ponse a facer exercicios que quedaran pendentos da clase anterior.

Cando a mestra revisa os exercicios todo o alumnado coloca enriba da mesa o caderno pola folla correspondente para que ela poida revisalos facilmente, mentres que a mestra lle revisa os exercicios ao alumnado estes aproveitan para falar, aínda que as veces cando a mestra lles chama moito a atención están en silencio: *“Mestra: “Sacamos cadernos para*

*corrixir os exercicios de deberes”.”volume por favor...” Todos os alumnos levántanse a coller das súas mochilas os cadernos e libros de matemáticas.*

*A profesora revisa un por un que todos teñan os exercicios feitos.”*

*“Mestra: “En silencio gardamos o cálculo e collemos o libro” di a mestra. Rifa ao alumnado que está a falar e repite: “todos en silencio”. Manda sacar a Leticia o libro e o caderno para que continúe coas tarefas pendentes. “Abrimos o caderno nos exercicios que había para hoxe” di esta, mentres anota a Alison na pizarra por estar a falar, rífalla porque xa estaba anotada do día anterior polo mesmo motivo.*

*Como seguen falando a mestra dilles que van a facer unha proba escrita ou que cada vez que falen vai parar a clase e recuperar os minutos perdidos durante o recreo. A mestra vai revisando polas mesas e tomando nota de que as tarefas que viñan para hoxe estean feitas. Todos están en completo silencio mentres esta revisa. (...)Os alumnos póñense a falar, ela párase e espera a que todos calen”.*

A docente considera esta fase de revisión moi importante pois é cando se fixa nas necesidades individuais de cada alumnado, isto pode observarse na entrevista: *“Por exemplo eu establezo en matemáticas momentos de revisión dos cadernos de todos, ti xa o anotaches, e non é so para ver se teñen as tarefas feitas, senón que tamén vexo nos alumnos que me interesa a resolución das tarefas, como van na materia ou se comprenden ou non o traballo que teñen que desenvolver.”*

Despois da revisión dos exercicios ao alumnado a mestra mándalle tarefas aos alumnos con n.e.e para que así podan ir facéndoas durante a corrección: *“Darío levántase a preguntarlle que fai el. A mestra está reñindolle a Aria porque se esqueceu de facelos, logo di: “Moi ben”, case toda a clase tiña os exercicios feitos. Celia levántase da cadeira para ir a falar con Alicia, mentres que Néstor, José e Laura están no fondo da aula de pé, aproveitando que a mestra estalle a explicar a Darío as tarefas que ten que realizar”.*

*“A mestra remata de corrixir as actividades, vai xunto a Darío para explicarlle o que ten que facer e que non se pode andar levantando e perseguíndoa, senón levantar a man e esperar. Mentres ela fala con Darío o resto do alumnado falan entre si, pero en voz baixa, aínda que o ton vaise elevando progresivamente.”*

Despois que a mestra faga este inciso na aula, o resto de alumnado comeza a corrir en voz alta segundo as quendas de palabra que outorga a profesora. Para dar as quendas a mestra basease tanto na revisión do material que fixo anteriormente, como nos coñecementos individuais que ten sobre cada alumno, na entrevista ela aclara este tema: *“Pois o establezo segundo a individualidade. Mediante a revisión previa dos exercicios mándolles corrir a alumnos que o fixeron ben e non adoitan facelo para darlles un reforzo positivo en público, dependendo do nivel de dificultade da tarefa escollo a nenos máis ou menos competentes nese ámbito. Ademais ao longo da semana intento que todos participen e corrixan, ou nalgúns clases nas que os exercicios son sinxelos establezo o orde das mesas da aula, depende da dificultade e do tipo de exercicios. Pero sobre todo atendendo a individualidade, facendo reforzos positivos e evitando aos nenos dar tarefas moi difíciles a nenos con dificultades. Isto faise a través do traballo de interacción oculto, é dicir fora da aula, mediante a revisión dos cadernos.”*

Na observación podemos ver que en determinadas ocasións, como citei anteriormente, a mestra dálle a quenda de corrección a alumnado que non adoita pedir a palabra porque non soe ter os exercicios ben feitos, pero cando este os ten ben dálles a quenda para facer un reforzo positivo: *“O seguinte é Bastian que aínda que non levantara a man a mestra mandoulle corrir o exercicio, este o fixo ben polo que a mestra dille: “Moi ben Bastian, moi ben Bastian”.*

Durante as explicacións a mestra require máximo silencio, tan só levantando a man pódese interromper a mesma. As rapazas que máis adoitan participar tanto na corrección como nas explicacións son Alison e Cora, na observación podemos encontrar moitos epígrafes sobre a súa interacción coa mestra nestas situacións: *“A profesora está explicando o que van a facer hoxe por se non se recordaban, áreas e perímetros, todos rechistan porque non lles gusta o tema e non o entenden ben (...) Cora levanta a man porque ten unha dúbida, pero a profesora non se da de conta porque está atendendo a Alison, pois esta queixase de que non o entende (...) Manuel levanta a man por unha dúbida pero pronto a baixa ao ver que a profesora segue con Alison.”*

*“A profesora fai un inciso na aula para unha explicación, pois Alison non está entendendo os problemas, e ela adoita resolver os mesmos sen dificultade. Explica un exercicio sobre*

*xeometría, e fai preguntas sobre a resolución deste. Participan sen levantar a man pero a profesora rífalles. “Levantade a man”. A esta explicación tan so atenden 4 ou 5 alumnos, pois o resto está a facer os exercicios ou comentando co compañeiro.”*

Durante a explicación ou corrección da mestra ao grupo-clase, o alumnado con n.e.e demanda a súa atención, pois ou non sabe o que ten que facer ou non o entende. A mestra non lles deixa interromper a dinámica do resto da aula, pois considera que hai un momento para cada cousa e que estes saben cando lles pode prestar atención ou non. A mestra na entrevista explica que lle dedica tempo a estes alumnos cando os demais están a facer as tarefas individualizadas: *“Durante este tempo dedícome a estar máis con Darío ou Leticia para revisarlle e corrixirlle os exercicios individuais e isto non inflúe na dinámica, esta segue igual, eles continúan co que están a facer”*.

Este comportamento a mestra o fai de xeito consciente e non deixa que o alumnado con n.e.e interrompa a dinámica de corrección e explicación, isto pódese observar:

*“A profesora revisa un por un que todos teñan os exercicios feitos. Darío levántase a preguntarlle que fai el. A mestra está reñíndolle a Aria porque se esqueceu de facelos, logo di: “Moi ben”, case toda a clase tiña os exercicios feitos.”*

*“Mentres están a corrixir Darío fai os seus exercicios, pero en voz alta, a mestra dille que ten que falar máis baixo. Darío levántase para vir xunto miña para que o axude, a mestra dille que non pode que fai que se sente. Darío dille que ten unha pregunta e esta respóndelle que se sente, levante a man e espere. Luís explícalle a Darío os exercicios que non entende mentres os demais seguen a corrixir. Alison pregunta por onde van corrixindo, perdeuse. Darío segue a falar en voz alta e pregúntalle a mestra porque eu non lle podo axudar, esta explícalle que estou a facer un traballo da universidade e non podo axudalo agora, que ten que traballar só.”*

*“A mestra vai revisando polas mesas e tomando nota de que as tarefas que viñan para hoxe estean feitas. Todos están en completo silencio mentres esta revisa, salvo Darío que vai xunto dela para preguntarlle que fai, esta o manda sentar e esperar a súa quenda. Darío non lle fai caso e segue a perseguila, pero ela non le fai caso.”*

*Os alumnos pónense a falar, ela párase e espera a que todos calen, Darío segue insistindo para que o atenda, a mestra explícalle que agora non pode, que non é o momento preciso, que ten que esperar”.*

Concretamente sobre este neno a mestra explica que teñen un programa de traballo sobre a autonomía con el, por iso fanlle esperar as súas quendas e non responde as súas demandas continuamente: *“Por exemplo Darío non demanda interacción pola súa NEE senón por outros motivos, con el temos obxectivos condutuais e de hábitos de estudio, porque presenta un problema de conduta ante a excesiva dependencia e demanda do profesorado. Actuamos dun xeito consciente ao non atendelo cando demanda para que actúe como debe. Por exemplo el sabe que despois do cálculo ten que sacar o caderno e libro de matemáticas e ata que non o faga non se lle dá unha resposta”.*

Ademais na observación pódese ver que a mestra explícalle a Darío en moitas ocasións que debe esperar as súas quendas, que non pode estar pendente todo o tempo del:

*“Mentres Darío ven xunto miña para ver se lle podo corrixir uns exercicios, como non podo vai xunto a mestra, esta dille que levante a man e que agora llo corrixex”.*

*“A mestra vai corrixirlle os exercicios a Darío e dille: “Tes que aprender a facelo so, non sempre imoste poder axudar. Non podes esperar sempre a que todos te axuden”.*

*Darío chama á mestra varias veces; esta dille que ten que levantar a man, non chamala, que se a chama vai tardar máis.”*

*“Darío que vai xunto dela para preguntarlle que fai, esta o manda sentar e esperar a súa quenda. Darío non lle fai caso e segue a perseguila, pero ela non le fai caso.*

*Os alumnos pónense a falar, ela párase e espera a que todos calen, Darío segue insistindo para que o atenda, a mestra explícalle que agora non pode, que non é o momento preciso, que ten que esperar.”*

Despois deste inciso para explicar como a mestra actúa ante o alumnado con n.e.e da aula durante a corrección dos exercicios, especialmente con Darío; pasamos a terceira parte da clase, que é as tarefas individuais, é dicir, os exercicios. Nalgunhas ocasións a mestra non

realiza corrección e dedica toda a sesión a tarefas individualizadas porque non se remataron o día anterior e non as mandou realizar na casa.

Durante as tarefas individualizadas o alumnado adoita falar cos compañeiros, levantarse ou mesmo axudar a compañeiros cando eles rematan as tarefas, poderíase dicir que é o período do tempo de clase no que se realiza unha maior interacción entre o alumnado, así como interacción individualizada profesor-alumno. A mestra sobre este tempo de clase explícanos na entrevista: *“Hai que diferenciar entre as normas e a interacción, por exemplo en matemáticas hai parte de exposición na que o alumnado non pode romper a dinámica de aula como levantarse, falar...e a parte individual de exercicios na que a intervención entre mestre-alumno non inflúe no proceso E-A do resto do alumnado.*

*Ademais nas dinámicas individualizadas non teñen que pedir permiso para levantarse, poden falar, comentar...despois de rematar a clase hai un control de tarefas por se fixeron o suficiente ou teñen que vir a acabar no recreo.*

*Ademáis con este grupo xa plantexamos hai anos unha titorización individual alumno-alumno, cando un remata pode ir a axudar a outro.”*

Durante a observación podemos ver moitos epígrafes referidos ao comportamento do alumnado durante as tarefas individualizadas, no primeiro exemplo podemos observar do que nos falaba a mestra na entrevista, a titorización individual alumno-alumno, mentres que no segundo vese a interacción individual profesor-alumno e como o alumnado demanda a atención individualizada da mestra:

*“José pregunta se alguén sabe o exercicio número 5 e Marcos vaille axudar.*

*A mestra está explicando como se fai un exercicio, mentres Alison e Sergio falan e a mestra di: “eu non o creo” e Alison miralle con cara de “non entendo porque me dis isto”, a mestra dille que non a mire así e continúa explicando. Cora dille a mestra que non está entendendo nada e que non sabe porque vai mal o exercicio, a mestra explícalle porque non é do xeito que ela o fixo, mentres Marcos lle segue explicando o exercicio a José”.*

*“Sergio levántase e Celia vai xunto a Beatriz. Algúns fan exercicios e outros falan e levántanse. A mestra pregúntalle a Darío o resultado dunha conta que fixo mal, este di resultados aleatorios sen pensar e ela mándalle volver a facelo, rematando así de corrixirle a Darío.*

*Alison a chama para que lle mire o exercicio número 2, ela llo mira e dille que vai todo o exercicio mal que iso xa o explicara durante a corrección, pero vólvello a explicar. Mentres tanto Leticia a chama, esta dille que espere a que lle acabe de explicar o exercicio dous a Alison, ao rematar de explicarlle este exercicio, Alison pregúntalle outro. Ao rematar de explicarlle a Alison todo vai xunto de Leticia, Néstor dille que non ten deberes que xa rematou todo e Aria e Beatriz van xunto dela. A mestra explícalle a Leticia os exercicios que ten que facer na casa”.*

Neste último epígrafe de observación pódese ver como durante a realización das actividades individuais a mestra dedícalle tempo ao alumnado con n.e.e, corrixíndolle os exercicios que estiveron a facer e explicándolle as dúbidas. Esta situación a mestra explícao na entrevista:

*“(...) e a parte individual de exercicios na que a intervención entre mestre-alumno non inflúe no proceso E-A do resto do alumnado. Durante este tempo dedícome a estar máis con Darío ou Leticia para revisarlle e corrixirille os exercicios individuais e isto non inflúe na dinámica, esta segue igual, eles continúan co que están a facer”.*

Durante a realización individual de actividades o alumnado ten que levantar a man se quere ser atendido pola mestra, esta non permite que levanten ou a persigan pola aula cando teñen dúbidas, algo moi habitual: *“A profesora enfadouse e dixo: “ Basta xa! Baixamos agora o volume ou comezo a anotar para o recreo”.*

*José comeza a perseguir á profesora para preguntarlle unha dúbida e esta di: “sentados coa man levantada”.*

*“Mestra: “ Tedes a manía de andavros levantando para preguntar. Shhh!!!! imos a quedar no recreo todos. Se queredes preguntar algo non vos levantedes, levantar a man. E se queredes axudar a un compañeiro preguntádeme”.*”

Con respecto ás condutas disruptivas na aula a mestra opina: *“A maior demanda da interacción e as interrupcións veñen dadas polo momento evolutivo, reforzando así o seu rol. Hai 5 alumnos nesta aula (Néstor, Pablo, Xosé, Alison,) que fan chamadas de atención para reforzar o seu rol social, por iso ante esas demandas non actuamos.”*

O alumnado que ela mencionou na entrevista son os que presentan un maior índice de condutas disruptivas, estas soen darse durante a corrección dos exercicios con interrupcións das mesmas ou con preguntas e comentarios: *“José grita en voz alta: “María (nome da mestra) xa me saíu”. “Néstor interrompe á profesora para dicirlle que se lle rompeu o cartabón”.*

Este alumnado tamén demanda una excesiva atención na interacción invidualizada profesor-alumno. A mestra na entrevista explícanos como actúa ante esta demanda de atención: *“Por suposto que hai alumnado que demanda máis atención que outro e case sempre son demandas non curriculares, por iso non lles damos resposta. Ademais a maioría dos alumnos que demandan esa atención non son os que máis a precisan, hai moitos alumnos que teñen dificultades pero non demandan esa atención e non participan.*

*Nos para controlar isto temos autoavaliacións ao final do trimestre para ver os motivos da non interacción, se son curriculares, emocionais”*

Fálanos do caso dunha nena Alison que presenta condutas disruptivas e demanda de forma exponencial a atención da mestra: *“Por exemplo Alison demanda moita atención e non a precisa porque curricularmente e unha alumna excelente e non ten problemas de comprensión, senón que é un rol social que adquire na clase, hai que ter en conta que están nun momento evolutivo da puberdade. Hai que ter moi en conta os roles sociais dentro do grupo, porque estes plantexan interaccións e condutas disruptivas, ante este alumnado non se lle da resposta porque non a precisan e é un xeito de que non consigan os seus obxectivos, chamar a atención.”*

Se botamos unha ollada á observación podemos ler en moitas ocasións o nome de Alison e ver que tipo de condutas adopta na aula, aínda que a súa excesiva interacción coa mestra tamén está condicionada non só polo rol social que adquire na aula, senón tamén polo intento de chegar á excelencia académica, quere sacar sempre a máxima nota: *“A profesora manda sentar a Alison despois de que esta lle seguira preguntando continuamente, e a mestra vai a axudar a Cora. Mentres tanto Alison grita porque non lle sae o exercicio.”*

*A mestra xa rematou de explicarlle a Pablo e Alison dille: “Levo media hora coa man levantada”.*



*“Alison dille á profesora que non entende nada da ficha e esta dille que se non se acorda de nada que ten un problema, ao que Alison responde cunha cara de burla e asco.*

*Mestra: “Antes de preguntarme quero que o leades ven”. Alison faille burla a mestra porque non entende nada e esta non llo quixo explicar. Alison volve a dicirlle que non entende nada pero cun ton acusador, a profesora dille: “Estaste pasando co ton e a actitude, se non o sabes o deixas en branco, xa cho dixen”. Esta volve a poñer cara de asco e logo cara de pena, faille un comentario a Laura sobre a mestra “Estou cansa de María”.*

A mestra tamén nos fala do caso de Néstor, un neno que ten TDAH e presenta condutas disruptivas, pero non como as de Alison, a súa razón deriva da hiperactividade e o rol social que exerce na aula: *“Por exemplo Nestor demanda unha grande atención tanto polo momento evolutivo no que se atopa, como o rol social que exerce e polas súas necesidades individuais. O seu problema está relacionado con TDAH, cústalle centrarse e concentrarse nas tarefas por iso empregamos con el estratexias atencionais de traballo, primeiro ten que esforzarse individualmente, ler o enunciado pensar e se non entende logo o atendemos, dosificamos a súa demanda porque senón non lle axudaríamos a reforzar a súa autonomía, se estamos pendentos del todo o tempo.”*

Outra alumna, Cora, tamén demanda unha grande interacción coa mestra, non con condutas disruptivas, senón por interese polo tema de matemáticas en concreto e os seus intereses sobre esta materia. Na observación podemos ver que esta alumna sempre está a preguntarlle dúbidas á mestra para poder mellorar na materia, esta interacción sería en concreto para o éxito curricular: *“A mestra vai xunto Cora porque esta di que non entende o que lle vai mal do exercicio, en lugar de atender a un alumno que xa tiña a man levantada hai tempo.*

*Alison vai á mesa de Cora, como non lle fan caso vai xunto Sonia”.*

*“Cora levanta a man, mentres Aria manda calar a Luís. Cora plantéxalle a súa pregunta á mestra, nese intre Celia estase a xirar para falar, polo que a mestra di: “Celia!”. A profesora estalle a explicar a Cora o exercicio que non entendía”.*

Por último a mestra explícanos que ela non parte do principio da igualdade, senón do da equidade, polo tanto si que interacciona máis cuns alumnos que con outros: *“A interacción sempre vai a estar mediatizada, porque depende das características do alumnado, o máis importante non é tanto o nivel académico ou curricular, senón o emocional. Eu dou diferentes respostas ante a interacción en función das necesidades de cada alumno, sería impensable dar as mesmas respostas ante todos, porque non todos precisan a mesma atención ou as mesmas respostas.*

*Nos partimos do principio da equidade, non todos precisan o mesmo tempo, senón que cada alumno precisa un determinado tempo individual e iso é ao que nos nos axustamos.”*

### 5.3 A interacción na aula de galego

Na clase dos mércores de Lingua Galega trabállase a lectura, lese a lectura do tema correspondente do libro de galego. A clase comeza ás 14.20, xusto despois do recreo do xantar. Os nenos adoitan chegar bastante excitados e revolucionados e o mestre para comezar a clase sempre adopta a mesma técnica, quedar quedo diante da clase, sen dicir nada, esperando a que todos se decaten, senten e calen para poder comezar: *“Case todos están falando, o mestre está de pé e calado sen atender ao que din. Alison levántase xunto del para queixarse de novo e o mestre ignóraa”*.

*“O mestre ponse na parte de diante da aula e queda en silencio, manda tirar as gomas de mascar a determinados alumnos que os están a mascar. Dous alumnos, Néstor e Bastian están a falar, o mestre achégaselles e quedase mirando para un deles calado ata que se decatan e para de falar e van para a súa mesa. Os demais seguen falando.*

*Cora levantase e vai xunto do mestre para preguntarlle se ela pode ler, este respóndelle que cando todos calen xa falaran. O mestre xa canso da situación di: “Esta sesión oficialmente comezou as 14.20, vou a descontar o tempo perdido do xogo do venres”.*”

Antes de comezar a lectura o mestre cambia a Darío de sitio, ao carón de Leticia, pois así elle máis doado atender a este alumnado: *“O mestre manda cambiar a Darío de sitio, xunto a Leticia para que compartan o libro.”*

*“Darío senta ao lado de Leticia, como todos os días que toca lectura.”*

Aínda que na entrevista afirma que falando de interacción, non ten en conta as n.e.e: *“As Nee non son específicas á hora da interacción, senón que tamén depende o ámbito social. A interacción depende das individualidades, do desenvolvemento social do grupo, en definitiva da diversidade. Nos non enfocamos a interacción cara as n.e.e individualizadas ou curriculares senón das necesidades da diversidade dos alumnos”*.

A continuación comézase a lectura, o mestre da as quendas de lectura a quen considera oportuno: *“Na lectura van lendo por quendas que determina o mestre, esta desenvólvese con normalidade, sen interrupcións”*.

O mestre na entrevista explica que se basea no coñecemento individualizado que ten do alumnado, para así dar os parágrafos máis axeitados para cada un; por exemplo a un alumno que lle custa máis ler daralle un parágrafo máis curto, para así afianzar a súa confianza, pois se lle dá un moi difícil pode danar o seu autoconceito, así como basease na atención que está prestando o alumnado á lectura: *“Pois segundo o coñecemento individual de cada alumno reparto as quedas para que saquen o mellor deles, por exemplo se vexo que un parágrafo é moi difícil ou longo mando ler a un que teñan mellores habilidades, non se me ocorrería darllo a un alumno con problemas na lectura. O que pretendo é facer un reforzo positivo e mellora da imaxe, porque como xa dixen é un aula moi marcada polos grupos sociais. Ademais tamén regulo a interacción segundo a atención, é dicir, se un alumno está pouco atento mándolle ler. Basease todo no coñecemento individualizado”*.

Na observación pódense atopar varios epígrafes referidos ás quedas de lectura, non tanto da determinación segundo as invidualidades que son máis dificilmente recollibles, senón referido á non atención do alumnado durante a lectura: *“Mandou continuar ler a Carlos pero este non estaba a prestar atención e non sabía por onde ia a lectura (...) A continuación tócalle seguir a Pablo que non sabe por onde vai a lectura, o profesor llo indica ao igual que Néstor que tamén se perdeu. É a quenda de lectura de Celia pero estaba distraída e non puido seguila, o mestre anótaa no taboleiro”*.

*“Néstor está xogando a escorrerse na cadeira e Alison quedase pasmando porque Leticia lee moi lento. Andrea lee a continuación porque esta distraída e o mestre a quixo pillar. Tócalle ler a continuación a Bastian que non sabe por onde vai a lectura (parecía que estaba atento). Tócalle ler a Darío porque non estaba atento, estaba a xogar e mirando o debuxo doutra páxina”*.

*“Cora levanta a man para ler, pero o mestre mándalle a Leticia e par rematar a Darío.”*

Nesta últimas frases da observación si que podemos ver que non entende as n.e.e como algo a ter en conta na interacción, pois ten as mesmas respostas tanto para uns alumnos como para outros que presentan esas necesidades. Ademais que non outorga as quedas segundo o criterio do alumnado, senón como el considere preciso.

Despois de rematar coa lectura o mestre pide un CD para poñer a gravación da lectura: *“O mestre pide un CD para poder escoitar a lectura. Comeza a lectura, os alumnos fanlle*

*varias preguntas ao mestre, pero este dilles que máis tarde. Carlos non está atendendo, o mestre mírao pero este non se decata, vai xunto del para dicirlle que escoite”.*

Cando xa rematan a lectura e de escoitar a lectura do CD o mestre comeza os exercicios de comprensión lectora pero de xeito oral, estes exercicios sempre os realizan oralmente. Na entrevista explícanos en que se basea para elixir a uns alumnos en lugar doutros para responder ás preguntas de comprensión lectora: *“Eu dosifico as preguntas, se son moi complexas dareillas a alumnado cunha maior competencia, tamén me baseo na atención, se están despistados lánzolle a preguntar para regular a atención do alumnado”.*

Na observación pódese ver como o profesorado é quen fai preguntas sobre a lectura a determinados alumnos, así como a súa distribución segundo o tipo de preguntas e as características do alumnado:

*“O mestre comeza a facer as preguntas de comprensión lectora que aparecen no libro. Este anota a Lucas e José no taboleiro, ao primeiro por non estar atento e ao segundo por interromper na quenda de palabra do primeiro. Continúa a quenda de preguntas”.*

Cando xa rematan os exercicios de comprensión lectora o mestre manda exercicios individuais ou por parellas, dependendo do tipo de exercicios que sexan.

Estas dúas tipoloxías de exercicios as podemos atopar na observación, a primeira sobre os exercicios individuais e a segunda por parellas: *“O mestre manda facer uns exercicios no caderno e mentres vai chamando individualmente aos alumnos para darlles as notas”.*

*“Remata a quenda de preguntas, o mestre manda facer o exercicio número 11 por parellas, que trata de inventar un aparello. As parellas son libres, pero se non traballan ben o mestre as modifica”.*

Igual que a mestra de matemáticas, explícanos que durante os exercicios individuais teñen unha maior liberdade para falar, pois cada tipoloxía de exercicio require un comportamento determinado: *“No meu caso nas lecturas colectivas é imprescindible o silencio, pero noutros momentos, como nos exercicios, hai unha maior flexibilidade cara o alumnado, é o mesmo caso que María”.*

Esta flexibilidade da que fala pódese observar no comportamento do alumnado, se o mestre está a facer outras cousas sentado, como dicindo as notas ao alumnado da avaliación ou atendendo ao alumnado con n.e.e os demais alumnos levántanse xunto del para preguntarlle ás dúbidas, sen necesidade de levantar a man. Sen embargo se o mestre está paseando pola clase anotando como traballa o alumnado, este levanta a man para que se lle resolvan as dúbidas: *“O mestre rifa a un par de alumnos polo comportamento e Aria, José e Candela levántanse xunto del para preguntarlle unhas dúbidas”.*

*“Marcos levántase para preguntarlle unha dúbida ao mestre, o mesmo fan Luís e Cora.”*

*“O mestre vai xunto a Darío para ver como vai, o seu compañeiro pídlle que lle explique que hai que facer, pois a el non lle fai caso. Mentres Bastian e José o chaman, este ao rematar de explicarlle a Darío o que ten que facer vai xunto deles, resólvelles a dúbida e vaise. Estes outra vez o volven chamar.”*

Nalgunhas situacións, especialmente cando traballan en parellas, o mestre anota no seu caderno como se desenvolven estas parellas e o seu funcionamento. Isto podémolo relacionar cunha das partes da entrevista, onde nos explica que mediante rexistros de seguimento conséguese o coñecemento do alumnado: *“Investimos moito no seguimento de cada día, a priorización na interacción ven dada polo coñecemento individual do alumnado. Establecemos liñas prioritarias segundo as necesidades do alumnado, do que sabemos deles mediante todos os rexistros de seguimento individuais ao longo dos anos, temos que estar moi pendentes da evolución do alumnado e do noso coñecemento deles, por iso é esencial o momento evolutivo, porque esas liñas de actuación modifícanse en relación coa evolución do alumno.*

*En todas as xuntas de avaliación se acordan os reforzos e as liñas de acción, porque precisamos unha visión global, doutros especialistas para así poder establecer unha visión global de cada alumno, é dicir como se comporta nas diferentes áreas para ter un coñecemento globalizado de cada alumno. A través desta visión globalizada establecemos a priorización”.*

Na observación podemos ver un destes momentos, cando o alumnado por parellas tiña que inventar un aparello e describir o seu funcionamento. *“O mestre ía polas mesas anotando que estaban a facer e como o facían: O mestre da paseos pola aula para ver como funcionan*

*as parellas, leva unha libreta para ir anotando como traballan (...) O mestre vai preguntando polas mesas que invento crearon e o vai anotando no caderno. O mestre vai controlar a Pablo e Néstor, para ver que están traballando. Segue coa rutina de ir polas mesas, os alumnos interesanse polo que anota no caderno e intentan velo”.*

Con respecto ao tratamento das n.e.e da aula, como xa se dixo anteriormente, o mestre non considera que haxa n.e.e na interacción mestre-alumno, senón que esta depende da atención a diversidade, das necesidades inviduais de cada alumno. O alumnado con n.e.e non precisa a súa atención pola súa necesidade específica, senón pola súa necesidade individual. Así como o factor evolutivo é un factor moi importante para este mestre: *“Para priorizar a atención baseámonos no momento evolutivo, nas dificultades de cada alumno e na demanda, se é necesaria ou non. Hai alumnado que é menos participativo por diversas razóns, a este alumnado convocáselle fora da aula para non afectar a emotividade, en lugar de facelo directamente na aula; porque detrás da non participación poder haber motivos emocionais e estaríamos danando a este alumnado se o facemos dentro da aula, porque esta aula está moi marcada polos grupos sociais. Habitualmente os nenos con maiores competencias, non nos referimos con diagnósticos con altas capacidades, demandan unha maior atención, maiormente dado polo momento evolutivo de estes a preadolescencia”.*

Hai dous nenos en especial, que demandan unha grande atención e interacción co profesorado polo seu momento evolutivo, Pablo e José. Este alumnado ten condutas disruptivas e intenta chamar atención constante tanto do profesorado como do alumnado, o mestre explica que ante estas condutas el non responde, para que así o alumnado non consiga o seu obxectivo: *“O outro grupo marcado polos roles cortámoslle a interacción, porque o seu obxectivo é chamar a atención e reforzar o seu rol, polo tanto hai que cortarlles ese exhibicionismo”.*

Na observación pódense ver varios epígrafes referidos a estes alumnos, un exemplo dalgún deles: *“O profesor comeza a facer preguntas de comprensión lectora sobre a lectura. A José preguntalle como se chama a película, ao que este resposta con ton de burla: “Os tres porquiños”. O profesor ignora o seu comentario”.*

*“Pablo levántase onde José para ensinarlle máis detidamente o xoguete que se pasaban anteriormente, o mestre infórmame de que é un vibrador. O mestre chama a Pablo para falar*

*con el, pídlle unha explicación de porque o trouxo a escola e de que vai que ter que informar a súa nai. Pablo explícalle que foi un agasallo que lle regalaron a súa nai de broma e que non pasaba nada. O mestre díxolle: “ Non me convence a túa explicación, vou falar coa tu nai”.*

*Pablo segue a xogar co xoguete e o profesor dille: “Se non queres que o convertamos nun problema, para”.*”

Aínda que o mestre non considera que as n.e.e demanden unha maior atención polas súas necesidades especiais a realidade é que así acontece, Darío nas lecturas sempre se perde, é dicir non pode seguir a lectura ao ritmo que leen os seus compañeiros e pregúntalle continuamente ao profesor onde vai. Algunhas das veces a súa compañeira axúdalle a seguila, cando se perde dille por onde vai: *“Darío pídlle axuda cada pouco ao mestre porque non é capaz de seguir o ritmo da lectura dos seus compañeiros e pérdese (... )Darío vólvese a perder”*

*“Darío como é habitual perdeuse e o mestre indícalle por onde van (...) Darío vólvese a perder e Celia llo indica, esta dille ao mestre que xa lle di ela por donde van”.*

Con respecto aos exercicios inviduais estes alumnos realizan os mesmos que os seus compañeiros, cando se trata de exercicios do libro o mestre llos explica individualmente para que os entendan e fan menos que os seus compañeiros. Os exercicios que son en parellas os realizan co resto dos compañeiros, formando parella con algún deles. Primeiro porase un exemplo da explicación invidual a este alumnado que se atopa na observación e despois un sobre a formación das parellas co resto dos compañeiros: *“O mestre manda facer uns exercicios no caderno e mentres vai chamando individualmente aos alumnos para darlles as notas (...) Alison levántase e dálle unha aperta a Néstor, mentres que o mestre lle está a explicar os exercicios a Darío”.*

*“Remata a quenda de preguntas, o mestre manda facer o exercicio número 11 por parellas, que trata de inventar un aparello. As parellas son libres, pero se non traballan ben o mestre as modifica. Todo o alumnado comeza a formar as parellas e a cambiarse de sitio, unhas alumnas van xunto do mestre para preguntarlle se poden facer un trío, senón unha delas queda soa e ten que ir con Leticia; este di que non. Marcos achégase ao mestre a preguntarlle se pode ir con Darío, este dille que claro que si, pero que lle pregunte a el. As*



*alumnas anteriores continúan insistindo en formas un trío, pero o mestre négase rotundamente*

*(...) O mestre controla a parella de Candela e Leticia, se están a traballar xuntas ou fai todo Candela para rematar pronto. (...) O mestre decátase de que Candela non está a traballar con Leticia, esta dille que xa remataron. Para comprobar que fixeron un traballo en parellas este faille preguntas a Leticia sobre o aparello que crearan. O mestre chama a Candela, a súa compañeira, para preguntar se Leticia colaborara. Darío chama ao mestre, este non vai xunto del porque aínda está a falar con Candela e Leticia. O mestre preguntalle á primeira que nota se merece por este traballo, pois non está case descrito e pouco traballado, logo vaise a dar unha volta pola aula.”*

## 6. Conclusións

O obxectivo deste traballo é determinar como a interacción condiciona o proceso de ensinanza-aprendizaxe, concretamente a interacción profesor-alumno.

Considero preciso destacar que como xa sabemos, a acción docente condiciona o proceso de ensinanza-aprendizaxe, se determinamos que a interacción profesor-alumno é un elemento inalienable desta acción, consecuentemente asumiremos a súa influencia sobre este proceso.

Ademais pódese establecer que tanto o alumnado como o profesorado inflúe no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Por unha banda está o alumnado demandando unha atención aos docentes e por outra banda están os docentes coas actuacións e respostas ante esta demanda de atención. O docente é quen establece e determina canta atención se detrae o proceso de ensinanza-aprendizaxe pola interacción, pois en función das súas respostas, producírase unha interacción ou outra. Así mesmo pódese afirmar que o proceso de ensinanza-aprendizaxe está condicionado por todo o alumnado, pero cunha intensidade diferente. Despois de analizar detidamente as miñas notas determinei que de 30 alumnos que compoñían a aula, as interaccións estaban controladas por un grupo de 10 rapaces que demandan a constante atención do profesorado da aula; algúns destes nomes poden variar con respecto do docente, pero non defiren moito dun a outro.

A continuación analizarei e compararei de forma específica as actuacións do profesorado en relación ao diferente tipo de alumnado. Os dous docentes consideran que falando de interacción non existe alumnado con n.e.e, senón con características específicas relativas á personalidade do alumnado, e basean as súas respostas e interacción en función desas características específicas.

En relación ao alumnado con n.e.e ambos profesores teñen un tempo establecido para a súa atención, durante a realización das tarefas individuais do resto da aula. Sen embargo, os docentes teñen actuacións diferentes cando interactúan individualmente con este alumnado. A mestra de matemáticas, cando este alumnado demanda unha grande atención, intenta non responder inmediatamente as súas demandas, explicándolles que teñen que esperar a súa quenda como o resto do alumnado. Pero, o mestre de lingua galega préstalles e dedícalles unha maior atención a estes alumnos, adoita sentarse con eles na mesa (por iso os senta

xuntos) e controla como este alumnado realiza tarefas; mentres que a outra mestra fai unha corrección global das actividades deste alumnado ao final da clase. En relación coas tarefas a realizar na aula este alumnado na clase de matemáticas realiza actividades diferentes que o resto dos compañeiros, con respecto ao calculo esta tarefa é a mesma pero con operacións máis sinxelas e cun maior número de tempo para a súa realización. As actividades individuais son tamén diferentes, pois empregan o libro de terceiro de primaria, xa que teñen unha adaptación curricular do segundo ciclo, as tarefas que realizan están descontextualizadas coas que realizan os seus compañeiros, isto dificulta a atención da mestra a este alumnado e inflúe no seu proceso de ensinanza-aprendizaxe. Con respecto a materia de lingua galega este alumnado realiza as mesmas tarefas que o resto, segue a lectura do tema de 6º de primaria e participa na mesma e nas preguntas de comprensión lectora, así mesmo, realiza as mesmas actividades individuais ou en parellas que o resto da aula, aínda que en ocasións estas actividades o mestre llas simplifica ou mándalles unha menor proporción polas súas características.

Podemos establecer que este alumnado é un dos colectivos que demanda unha maior atención/interacción ante o profesorado. Isto pode deberse as súas características individuais sen correlación ao seu déficit ou con correlación, o importante é que este alumnado demanda de forma exponencial a interacción co profesorado, condicionando así o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Por outra banda temos ao alumnado que presenta condutas disruptivas, ambos profesores ante estas condutas teñen a mesma resposta, que este alumnado non consiga o seu obxectivo, manexar e influír no ritmo da aula, é dicir no proceso de ensinanza-aprendizaxe. A problemática é que o profesorado non consegue que este alumnado non inflúa, pois demandan tan exponencialmente a súa atención que non saben como actuar: interactúan con eles para explicarlles que non o fagan, rífanlles, castíganlles... relegando a un segundo plano ao resto do alumnado e interrompendo a actividade que están a realizar; en definitiva influíndo no desenvolvemento da clase, ou o que é o mesmo no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A diferenza entre ambos docentes é que a mestra de matemáticas aplica sancións máis rápido e ten unha conduta máis estrita na aula, evitando así en maior medida as condutas disruptivas do alumnado, aínda que se seguen a producir. O mestre de lingua galega que ao ter unha conduta máis democrática e flexible ante o que acontece na aula, provoca que o alumnado presente continuamente condutas disruptivas. Ante estas condutas o mestre

amosase pasivo, non adoita nin rifarlles, nin castigalos... senón que ignora o seu comportamento co obxectivo de que non se volva a producir. A actuación da mestra de matemáticas implica unha redución das condutas disruptivas, producíndose en menor medida, polo tanto influíndo menos no proceso de ensinanza-aprendizaxe do resto do alumnado. Sen embargo a actuación do mestre de galego, aínda que non toma represalias contra ese alumnado influíndo así na dinámica de aula, non fai que as disrupcións sexan menores, polo tanto esas disrupcións séguense producindo e condicionando o proceso de ensinanza-aprendizaxe do resto do alumnado.

Estes dous casos anteriores son os que máis interactúan co profesorado, aínda que hai casos individuais, que non corresponden a ningún destes dous colectivos que tamén demandan unha atención. Son casos específicos que non demandan a mesma atención na clase de matemáticas que na de lingua galega, e adoita ser polo interese que teñen na materia ou polas respostas que reciben do profesorado, por exemplo a mestra de matemáticas implícase máis con este alumnado, que o mestre de lingua galega.

Hai outra cuestión que incumbe a esta interacción, as quendas de palabra ou atención individualizada. Aínda que un neno leve máis tempo esperando ou a chamara en repetidas ocasións, os mestres atenden antes a uns alumnos que a outros, condicionando novamente o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Estas interaccións fanse de forma consciente, pois o profesorado explica que eles baséanse na atención ao alumnado segundo as súas necesidades individuais, por ese criterio establecen a priorización da atención.

Finalmente podemos concluír dicindo que a interacción profesor-alumno, condiciona o proceso de ensinanza-aprendizaxe, este condicionamento non ten porque ser unha problemática, pois se considera que a interacción forma parte do proceso de ensinanza-aprendizaxe e que non se pode concibir este proceso sen unha interacción, estaremos concluíndo que a interacción é necesaria.

## 7. Reflexións sobre a idoneidade do traballo.

Durante as prácticas estiven tan inmersa na vida deste aula, axudando tanto aos mestre como aos alumnos, que non tiña tempo de fixarme no que estaba acontecendo realmente na aula. Simplemente facía accións rutinarias e monótonas durante toda a xornada escolar, se un neno levantaba a man ía a atendelo, sen botar unha ollada ao meu redor por se alguén a levantara antes. Son accións que simplemente realizas, sen preguntarte porque ou como, son acción que xa tes programadas no teu interior.

O mesmo acontece durante as explicacións, estas tan inmersa no que estás a dicir que non te paras a mirar as caras do alumnado, se están atendendo ou entendendo o que dis. Podes decatarte que algún se dedica a facer outra cousa no lugar de atender, pero se tes que escribir no taboleiro e explicar, non tes tempo nin forma de analizar o que está acontecendo. So certas sinais poden facerte ver que alguén non está entendendo o que estas a dicir, por exemplo cando o alumno levanta a man ou di o teu nome, so nese intre decátaste que algo acontece.

Ademais as aulas son tan diversas que hai múltiples ritmos de aprendizaxe, se un alumno non entende o que estas a explicar vas xunto del e dedícaslle máis tempo, mentres os demais fan exercicios ou esperan, condicionando así o ritmo de aprendizaxe de todo o alumnado. Como docente, durante as prácticas non te paras a analizar isto, simplemente vas a axudar ao alumno que non é capaz de entender o que estás a explicar. O mesmo sucede cando un grupo de alumnos está a interromper a explicación ou falando sen importarlle o que estar a dicir, ti como docente utilizas técnicas para deter esa interrupción e continuar coa clase, ou ben reñindo, calando ata que se decaten ou aplicando unha sanción, do que non nos decatamos é o tempo que estamos a perder por esa interrupción e o tempo que lle deixamos de dedicar ao resto do alumnado.

Este traballo aportoume outra perspectiva do que acontecía realmente nas aulas e das accións que realizaba, deume a oportunidade de analizar e observar condutas que non cría que estiveran aí, ou simplemente non lle outorgaba a importancia que estas tiñan. Con isto refírome a que no rol de docente, non es conscientes das veces que un mesmo alumno interrompe ou fai preguntas, ou cantas veces atendes e lle prestas axuda a un alumno en lugar doutros. Como uns alumnos demandan exponencialmente a túa atención ou como o ritmo da aula está controlada por eses alumnos.

Segundo Jackson (1991), para o profesorado, a actividade docente está moi fundamentada na intuición máis que nos procesos de análise reflexivos, mesmo os docentes nunha entrevista chegaron a declarar que a súa conduta na aula estaba determinada por impulsos e sentimentos, máis que por reflexións e pensamentos.

Esta afirmación danos a resposta da idoneidade deste traballo, pois durante a elaboración deste, tiveron a oportunidade de reflexionar e analizar os comportamentos e as respostas do profesorado, parándome a pensar cal sería a resposta educativa máis idónea ante eses comportamentos. Axudome a desenvolver máis a miña capacidade de reflexión para examinar problemas e darlles solución.

En definitiva este traballo aportoume coñecemento dunha metodoloxía de investigación e análise para poder comprender mellor o contexto escolar e a interpretar a realidade da ensinanza/aprendizaxe, pero principalmente axudome a reflexionar criticamente sobre as miñas ideas educativas.

## 8. Bibliografía

- Casado Romero, A. (2010). *Aprende a ser maestro*. Cuenca: Universidad de Castilla-La Mancha.
- Coll, C. (1984). Estructura grupal, interacción entre alumnos y aprendizaje escolar. *Infancia y Aprendizaje*, 119-138.
- Edel Navarro, R. (2004). *ICCE: Educación para América*. Recuperado el 29 de 05 de 2013, de [http://icce.ver.ucc.mx/articulos/articulo\\_001.php](http://icce.ver.ucc.mx/articulos/articulo_001.php)
- Flick, U. (2004). *Introducción a la investigación cualitativa*. Madrid: Morata.
- Fuéguel, C. (2000). *Interacción en el aula. Estudio de caso*. Barcelona: Praxis.
- Jackson, P. (1991). *La vida en las aulas*. Madrid: Morata.
- Kawulich, B. (Mayo de 2005). *La observación participante como método de recolección de datos*. Recuperado el Junio de 8 de 2013, de FQS: Forum Qualitative Social research: <http://www.qualitative-research.net/index.php/fqs/article/view/466/998>
- M.D, G. J. (1988). *Etnografía y diseño cualitativo en investigación educativa*. Madrid: Morata.
- Martínez, M. (2006). La investigación cualitativa (síntesis conceptual). *Revista IIPSI. Facultad de Psicología UNMSM*, 123-146.
- Rivas, F. (2003). *El proceso de enseñanza/aprendizaje en la situación educativa (2ªed)*. Barcelona: Ariel.
- Rodríguez Gómez, Gregorio; Gil Flores, Javier; García Jiménez, Eduardo. (1996). *Metodología de la investigación cualitativa*. Málaga, España.: Aljibe.
- Sandín Esteban, M. (2003). *Investigación Cualitativa en Educación. Fundamentos y tradiciones*. Madrid: Mc Graw Hill.
- Serrano, G. P. (1994). *Investigación cualitativa. Retos e interrogantes. II.Técnicas y análisis de datos*. Madrid: La Muralla.

Stake, R. (1999). *Investigación con estudio de casos*. Madrid: Morada.

Vargas Jimenez, I. (2012). La entrevista en la investigación cualitativa: Nuevas tendencias y retos. *Revista Calidad en la Educación Superior*, 119-139.

Velasco Castro, A. (2007). Un sistema para el análisis de la interacción en el aula. *Revista Iberoamericana de Educación*, 1-12.

Velasco, H., & Díaz De Rada, Á. (2004). *La lógica de la investigación etnográfica. Un modelo de trabajo para etnógrafos de escuela*. Madrid: Trotta.



## **Anexo I: Observación do caso de matemáticas.**

### *Matemáticas 13/03/2013 10:00-11:00*

**10.00:** Chego a clase e os alumnos aínda non están, isto débese a que teñen clase de inglés a primeira hora e tómalles un tempo baixar da mesma. O titor levou a obxectos perdidos os abrigos que deixaron tirados polo chan, posto que xa levaba varios días avisando sobre isto.

**10.03:** Van chegando os nenos e acomodándose nos seus sitios, tamén chega a profesora de matemáticas pois non é a titora.

**10.05:** Seguen chegando alumnos e sentándose nas cadeiras, outros van a obxectos perdidos a polos abrigos. A profesora di que non poden saír que os vaian a recoller en horas de lecer, que agora é a hora de matemáticas.

**10.09:** Avisa de que vai comezar o cálculo, aínda faltan rapaces por chegar.

**10.10:** Pregunta unha letra e un número para que se comece dende aí nas táboas de cálculo. Todos comezan e están concentrados en silencio. Van entrando os que chegan tarde de inglés, séntanse en silencio nas súas cadeiras (aínda que mirándose dun xeito cómplice) e agardan a que remate o cálculo).

**10.12:** A mestra pídelles explicación aos que chegaron tarde de inglés, dálles a oportunidade de explicarse. José ao entrar díxolle que tivera proba pero resulta que el non a tivera. Só Andrea era a que tivera proba e por iso chegara tarde. Posto que todos os demais o fixeron a propósito foron apuntados no encerado como primeiro aviso, e teñen que quedarse (na clase de garda durante o recreo) a facer o cálculo.

Sonia pregúntalle a profesora se pode ir ao baño porque se atopa mal, mentres tanto Pablo aproveita para levantarse a falar con José. Cora vai xunto a profesora, que está atendendo a Sonia, para preguntarlle algo.

**10.13:** A profesora manda sacar o libro e o caderno, pois non remataran os exercicios o día anterior. Todos se levantan a coller as cousas a súas mochilas e aproveitan mentres tanto para falar cos amigos.

Pablo e José quédanse de pé no final da aula falando. A profesora está explicando o que van a facer hoxe por se non se recordaban, áreas e perímetros, todos protestan porque non lles gusta o tema e non o entenden ben. Néstor interrompe á profesora para dicirlle que se lle rompeu o cartabón, mentres que Laura xírase para falar con Patricia.

Sergio pregunta se poden poñer música para traballar.

Cora levanta a man porque ten unha dúbida, pero a profesora non se da de conta porque está atendendo a Alison, pois esta queixase de que non o entende.

**10.15:** A profesora explícalle iso a Alison e mentres, Alicia levántase a afiar, José a por unha regra e Cora vai xunto a profesora a preguntarlle a súa dúbida. Aria levántase a afiar. Celia está falando con Laura e Bastian comentando asuntos con Marcos. Despois a profe rifa a Cora por dicirlle a resposta do exercicio a Alison, pois a profesora llo estaba explicando, esta di: *“Ten que pensar e resolvelo ela”*.

Beatrizponse de pe para poñerse unha bufanda, mentres que José levántase a por unha regra (que xa tiña) con Pablo, tan só para falar e perder tempo.

Celia levántase da cadeira e entretense soa, Candelaponse a buscar unha regra. Manuel levanta a man por unha dúbida pero pronto a baixa ao ver que a profesora segue con Alison. Beatriz levántase e vai xunto a profesora, pero sen preguntarlle nada.

**10.18:** Pablo segue buscando a regra, pero desta vez o axuda Bastian, que deixa de axudalo para ir a falar con José.

Sergio e Beatriz van a preguntarlle a profesora mentres atende a Alison en lugar de levantar a man e esperar.

Néstor está a falar con Aria e Celia vai falar con Patricia. Mentres, Sonia levanta a man e Sergio e Laura estanse a rir dun chiste. Belén, Marcos e Cora póñense a traballar en grupo para resolver un problema.

**10.20:** A profesora fai un inciso na aula para unha explicación, pois Alison non está entendendo os problemas, e ela adoita resolver os mesmos sen dificultade. Explica un exercicio sobre xeometría, e fai preguntas sobre a resolución deste. Participan sen levantar a man pero a profesora rífalles. *“Levantade a man”*. A esta explicación tan so atenden 4 ou 5 alumnos, pois o resto está a facer os exercicios ou comentando co compañeiro. Belén e Candela están a falar sobre un exercicio e Sergio pídelles típex a Celia.

**10.22:** Todos están ben sentados menos Marcos que se columpia na cadeira. A profesora segue explicando e os demais interrompendo con preguntas. Darío (ten síndrome de down e fai exercicios diferentes) fai os seus exercicios de cálculo.

José está mal sentado e sen atender e Bastian métese un boli na boca facendo que fuma.

A profe rifa a toda a aula porque so Aria está atendendo á explicación *“nenos menos mal que Aria atende porque todos estades na estratosfera”*.

**10.25:** A profesora fai preguntas sobre o que acaba de explicar e 4 levantan a man para responder. Dálles quendas de palabra e din as respostas, aínda que mal, a que acertou foi Alison que era a que non entendía nada e a profesora dixo: *“Vimos a luz, por fin!”*.

Bastian entrégalle un papel a Darío, logo Bastian ponse a dar palmadas na cara. Cora está mal sentada. Aria levanta a man para responder as preguntas da profesora, mentres que Beatriz levantase da mesa.

Aria di que non o entende e Alison apóiaa, a profesora acabou a explicación pero seguen facendo preguntas en voz alta as que a mestra non responde. Alison levantase xunto dela para que lle resolva unha dúbida, mentres Celia levantase a coller unha cousa da mochila e ponse a falar con Bastian e Darío. Esta sentase e volveuse a levantar para ir a falar con Darío.

A profesora manda sentar a Alison despois de que esta lle seguira preguntando continuamente, e a mestra vai a axudar a Cora. Mentres tanto Alison grita porque non lle sae o exercicio. Hai moito barullo na aula, case todos están falando cos compañeiros.

Laura ponse de pe, Celia tamén, e comezan a falar de que o outro día se lles mollara o libro.

**10.30:** Aria e Marcos levántase da cadeira, este último para ir a falar con Lucas.

Pablo levántase para falar con Néstor, a mestra rifoulle e este contestou que non entendía un exercicio. Pablo vaise a súa mesa e Néstor segue sen facer nada.

Sonia chama a profesora porque se atopa mal e esta vai a polo termómetro. Candela xa leva un bo rato levantada e Aria levántase a darlle unha aperta. Celia columpiase na cadeira.

**10.33:** A profesora di: “*Hai que baixar o volume*”. Mentres esta lle está a explicar a Darío o que ten que facer, Alison levántase para preguntarlle unha dúbida, e quedase aí un rato. Sergio levántase a abrir a ventá e Néstor tíralle a goma a Celia, Aria a colle e a garda. Celia levántase a falar con Patricia e Alison volve a gritar.

**10.35:** A profesora enfadouse e dixo: “*Basta xa! Baixamos agora o volume ou comezo a anotar para o recreo*”.

José comeza a perseguir á profesora para preguntarlle unha dúbida e esta di: “*sentados coa man levantada*”.

Néstor grita: “*acabei!!*”.

A profesora vai xunto a Candela e Pablo que levan coa man levantada un anaco, mentres Celia baila diante da mesa de Sergio.

**10.37:** Néstor di que eu estou anotando o comportamento da xente da aula, polo que todos se calan e se poñen a traballar. A mestra aproveita para dicir: “*Quero silencio absoluto, sodes incapaces de falar baixo, silencio!. Pablo non sabes traballar en silencio? Así que silencio absoluto*”.

A profesora vaise a por un termómetro para Sonia. Celia e José aproveitan para levantarse a falar cos seus amigos. Cando volve a profe (de seguida) Luís levántase a preguntarlle unha dúbida, e esta o manda sentar e levantar a man. Laura fai que lle pega a Sergio.

**10.39:** Aria levántase a dálle unha aperta a Candela. Celia vai falar con Cora e logo con Luís. Os nenos comezan a queixarse de que ule mal na aula e a mestra mándalles abrir a fiestra, aínda que Celia non quere porque fai vento e lle voan os papeis; pero ao final a fiestra ábrese. A mestra explícalle a Alison un exercicio así que Patricia e Andrea aproveitan para falar sobre o que produciu o mal olor. Celia ponse de pé ao lado da ventá e Néstor e Luís van a falar con Sonia para explicarlle os exercicios.

José ponse a perseguir a mestra para que lle revise os exercicios, xa os acabou.

**10.41:** A mestra di: “ *Tedes a manía de andavros levantando para preguntar. Shhh!!!! imos a quedar no recreo todos. Se queredes preguntar algo non vos levantades, levantar a man. E se queredes axudar a un compañeiro preguntádeme*”.

A profesora revísalle os exercicios a Alison e a Luís que está de pé ao seu carón.

Hai cinco rapaces levantados ao redor a mesa de Pablo, e a mestra dilles: “ *Non vos deixei levantar José, Sergio, Bastian*”.

**10.44:** Celia vaise á mesa de Candela. Aria e Néstor comezan a pelexar e Luís chámame todo o tempo. José que ten a man levantada fala desde o seu sitio con Pablo.

Cora vai á mesa de Candela e pónense a falar, mentres que Celia vai xunto a Sonia e Néstor.

A mestra séguelle explicando a Alison e mais a Lucas. Sergio ponse de pé a facer estiramientos. A mestra xa cansa di: “*Celia pasa ao teu sitio*”.

**10.45:** A mestra decide dar outra explicación dos exercicios porque aínda hai moitas dúbidas con respecto a eles; aínda que só están a atender 3 persoas, os demais están a papar moscas ou facendo os exercicios. José interrompe dicindo “*merda*” porque lle saíu mal o exercicio. Remata a explicación e Cora levántase a preguntar se está ben o exercicio e a mestra a manda sentar, a mestra bebe auga. Sonia non ten febre e levántase a dicirllo a profesora.

Mestra: “*Outra vez, falade en voz baixa, como nunha biblioteca. E só cando teñades dúbidas. Baixo, como nunha biblioteca repito.*”

**10.48:** Néstor chivase a mestra de que Darío está de pé mentres esta lle corrixe os exercicios a Cora. José grita en voz alta: “*María (nome da mestra) xa me saíu*”. Celia está mal sentada mirando cara atrás e Laura pasea pola clase. Darío ás agachadas intenta chegar a miña mesa e Celia ponse a falar con Sergio e Laura.

Néstor fala con Darío e o ameaza, se non se senta dillo á mestra.

**10.50:** Mestra: “*Chss!! Silencio*”. Míralle os exercicios a Néstor. A clase está calada pero óense algúns murmurios. Andrea chama a profesora porque leva moito tempo coa man levantada e Celia aproveita para ir a falar con ela.

José manda calar á aula.

Néstor levántase e Sergio xírase para falar con Patricia.

Darío ponse de pé para chamar a atención.

**10.51:** Profesora: *“Outra vez estamos berreando compañeiros”*. Celia dille a Darío que se poña a traballar e a mestra vai xunto Pablo a explicarlle unhas dúbidas.

Alison levanta a man e Sergio intenta falar con José desde a súa mesa. Bastian vaille pedir a Celia tipex, na volta á súa mesa entretense na mesa de Néstor, na que está tamén Darío, póñense a falar. Bastian avísame de que Darío quere falar comigo, dígolle que non e Bastian empurra a Darío a súa mesa.

**10.53:** A mestra segue con Pablo e Luís vai xunto dela. Celia vai a afiar á mesa de Alison eponse a falar con Sergio.

José intenta abrir un pegamento eponse a pegar unhas cousas. Néstor agarra a Bastian e comeza por voces imitando a Golum. Bastian dille: *“Para, Néstor, para”*.

**10.55:** Hai un grupo de rapaces na mesa de Patricia (Sergio, Celia e Laura). Sergio chama a Bastian e póñense a na mesa deste. A mestra xa rematou de explicarlle a Pablo e Alison dille: *“Levo media hora coa man levantada”*. Pablo vai xunto a José e comezan a falar dos programas que votan na televisión.

**10.56:** A mestra di: *“Chicos varias cousas.”* Esta rífalla a Néstor porque non fixo nada e o que fixo o ten mal. Néstor explícalle porque o fixo así e non entende porque está mal, entonces a mestraponse a explicarllo. Néstor acaba por entendelo e a mestra dille: *“Ahh xa cho dixen, pero non escoitas”*. Mentres tanto Luís vai comprobar as respostas xunto José.

A mestra vai xunto Cora porque esta di que non entende o que lle vai mal do exercicio, en lugar de atender a un alumno que xa tiña a man levantada hai tempo.

Alison vai á mesa de Cora, como non lle fan caso vai xunto Sonia.

Pablo e José póñense a xogar cunha maquina de bolas.

Manuel di: *“María acabei.”*

Toda a fila da dereita da clase está a falar, a mestra di: *“Chss!! Celia quedas no recreo porque non fixeches nada, véxoches sempre levantada. Sergio ti tamén que non tes nin o enunciado copiado.”*

**11.00:** José e Pablo seguen xogando coa máquina e a estes úneselles Néstor. A mestra despois de moito tempo vai xunto a Andrea a resolverlle as dúbidas.

Belén celebra que rematou e levanta a man, sen moverse do seu sitio.

Sonia ponse de pé e vai falar con Candela, mentres que Cora pregúntalle a Luís: “*Luís canto da a cinco?*”.

Entra o mestre de lingua galega e Darío o chama, todos os demais ignoran a súa presenza.

A mestra atende a Candela e manda sentar a Aria que a leva perseguindo un anaco para que lle resolva unhas dúbidas.

Pablo vai á mesa de Bastian e José está a falar con Néstor.

Mestra: “*Chicos recollemos e saímos. Os que tedes que vir a garda, a 5º que me toca*”. Todos comezan a recoller.

**11.05:** Os nenos collen as chaquetas e as galletas que lles dan para o almorzo e saen ao patio. Algúns entretéñense na aula e a mestra di: “*conto 5...4,3,2,1*” Pero aínda segue un corrillo de xente xunto das galletas.

Andrea quere que a mestra lle explique unha cousa e esta dille que vaia a garda.

Todos saíron, apáganse as luces e péchase a porta.

### *Matemáticas 20/03/2013 10.00-11.00*

**9.58:** Chego a clase, non hai ninguén, están na clase de inglés.

**10.00:** Comezan a chegar a clase, van ao seu sitio e deixan o material de inglés, baixan a cadeira se esta non está baixada.

Manuel apunta na pizarra os deberes que puxo a mestra de inglés, pois esta semana é o responsable de anotalos. Luís venme a queixarse de Marcos porque lle cuspiu, dígolle que llo diga a mestra. Arman barullo ata que chega a profesora e di: “*Cálculo*”.

**10.05:** Pablo e Bastian quéixanse de que lle faltan follas para facer o cálculo, a mestra respóndelles que o tiñan que pedir o día anterior, que agora non ten follas e que o realicen no bordo desta. A profesora di: “*Comezamos E-3*”. Todos buscan esas cordeadas na folla e comezan.

Leticia busca un bolígrafo cando o cálculo xa comezara, a mestra pregúntalle que lle pasa. Esta vaise un momento da aula a mirar que está a pasar fora, todos están moi quedos e concentrados facendo o cálculo.

**10.07:** Darío entra tarde na clase e a mestra mándalle facer o cálculo no recreo. Todos póñense a corrixir o cálculo e avisan á profesora cando rematan.

**10.10:** Mestra: “*Sacamos cadernos para corrixir os exercicios de deberes*”. “*Volume por favor...*” Todos os alumnos levántanse a coller das súas mochilas os cadernos e libros de matemáticas.

A profesora revisa un por un que todos teñan os exercicios feitos. Darío levántase a preguntarlle que fai el. A mestra está rifándolle a Aria porque se esqueceu de facelos, logo di: “*Moi ben*”, case toda a clase tiña os exercicios feitos.

**10.13:** Celia levántase da cadeira para ir a falar con Alicia, mentres que Néstor, José e Laura están no fondo da aula de pé, aproveitando que a mestra estalle a explicar a Darío as tarefas que ten que realizar.

Bastian manda calar e os que estaban de pé sentan, cando todos están calados a mestra comeza a corrixir. Piden a palabra levantando a man e a mestra dálla a quen considere oportuno.

A primeira en ter a palabra é Cora, a resposta é correcta polo que a mestra dille: “*perfecto*”. O seguinte é Bastian que aínda que non levantara a man a mestra mandoulle corrixir o exercicio, este o fixo ben polo que a mestra dille: “*Moi ben Bastian, moi ben Bastian*”. Logo tócalle a Belén, Néstor e Pablo quéixanse porque non escoitan o que está a dicir. A mestra dille: “*Máis alto que diante non se escoita*”.

Mentres están a corrixir Darío fai os seus exercicios, pero en voz alta, a mestra dille que ten que falar máis baixo. Darío levántase para vir xunto miña para que o axude, a mestra dille que non pode que fai que se sente. Darío dille que ten unha pregunta e esta respóndelle que se sente, levante a man e espere.

**10.16:** Luís explícalle a Darío os exercicios que non entende mentres os demais seguen a corrixir. Alison pregunta por onde van corrixindo, perdeuse.

Darío segue a falar en voz alta e pregúntalle a mestra porque eu non lle podo axudar, esta explícalle que estou a facer un traballo da universidade e non podo axudalo agora, que ten que traballar só.

Os demais seguen corrixindo os exercicios e a mestra da a quenda a quenda a quen quere.

Andrea interrompe a corrección para que a mestra lle explique como hai que facer un exercicio, non entendía o procedemento. Luís vólvelle a explicar a Darío os exercicios.



Leticia preguntame se lle podo axudar con un exercicio, como non podo levanta a man para que lle axude a mestra.

Mentres a mestra preguntalle a Alison como fixo ela o exercicio que non entende Andrea, esta di que ela non o fixo do xeito que explicara a mestra. A profesora dille: “*Se o fixeches ti poderás explicarmo, non creo que ninguén cho fixera*”. Luís pregunta o resultado do problema, non escoitara a resposta porque estaba axudando a Darío.

Darío vólleme a chamar porque ten unha dúbida, Luís llo explica para que non interrompa a clase.

Celia non está corrixindo e a mestra chámalle a atención. Néstor dille á profesora que lle faltan dous exercicios sen corrixir, pero a mestra rífalla a Celia por estar xirada cara atrás.

**10.18:** A mestra pregunta se hai dúbidas e recorda como se fai este tipo de exercicios. Esta chámalle a atención a Bastian porque non está atendendo e Cora di que non entende os próximos exercicios que toca corrixir. Ante isto a mestra dille: “*Estou preguntando por estes, non os seguintes*”.

**10.20:** Corrixen os exercicios seguintes e Luís segue a axudar a Darío. A mestra di: “*estades todos corrixindo non?*”. Candela chama a Belén para preguntarlle a resposta dun exercicio, como estas coinciden fai un xesto de vitoria.

A mestra vai a coller un rotulador para explicar o exercicio na pizarra, pero non había ningún polo que o vai coller ao fondo da aula. Explica o exercicio do que acaban de dicir o resultado para que quede claro.

Cora xírase para comentar con Marcos unha cousa, Bastian fai o mesmo.

Candela e Pablo póñense a falar e rir. José fixo mal o exercicio e a mestra llo explica na pizarra e o fai pensar. Mentres, Bastian lánzalle un avión de papel a Pablo e a mestra dille: “*Atende!*”.

**10.28:** Cora levanta a man, mentres Aria manda calar a Luís. Cora dille a súa pregunta á mestra, nese intre Celia estase a xirar para falar, polo que a mestra di: “*Celia!*”. A profesora estalle a explicar a Cora o exercicio que non entendía, como o rotulador non pinta vai a por outro, non atopa ningún no sitio dos rotuladores e queixase de que sempre os cambian de sitio.

Mentres lle explica o exercicio a Cora, Pablo está xogando e Andrea explicándolle un exercicio a Alison.

Mestra: *“Chicos hai que facer máis rápido a corrección”. “Parade de facer ruídos”.*

Un dos nenos fai unha pregunta que é bastante complicada e a mestra dille: *“Non che vou a explicar iso porque logo líaste no exame, iso non tes que sábelo”.*

Patricia fala con Alison e Celia explícalle a Leticia un exercicio que non entende.

Seguen a corrixir os exercicios, Candela levanta a man para responder, tamén Cora, nese intre Néstor berra: *“Coidado!”*. A mestra dille: *“Por que berraches?”*, ao que el responde: *“Ían pisar o bolígrafo”*. A profesora replícalle: *“Parece que se ia derruír o edificio”*.

José levántase a coller unha cousa que lle lanzou Pablo, Candela ri por iso. Luís vólvelle a explicar os exercicios a Darío.

**10.35:** Alison levanta a man e di a resposta do exercicio, mentres que Luís levántase para mirarlle a resposta a Cora, por isto Bastian dille: *“que fas?”*.

Aria pégalle co bolígrafo a Néstor, este o agarra e tira para poder sacarllo; comezan a xogar a agarrarse.

Pablo mira os exercicios de Candela e levántase para recoller unha cousa do chan; a mestra dille: *“Pablo ti, que estás moi calado”*, este di que non sabe a resposta e a mestra contéstalle que pense. Despois dun anaco pensando di a resposta e acerta, a mestra dille: *“ves como sabes”*.

**10.38:** Mestra: *“Gardamos todo e deixades só lapis e goma para facer unha ficha”*. Todos se revolucionan e Alison fai un xesto de asco. A profesora di: *“Iso si que conta para nota”* referíndose a cara que puxera Alison; logo continúa: *“Isto é para ver o que temos que traballar”*. Chámalle a atención a Celia que estaba pintando raias no caderno, segue dicindo: *“Traballo individual en silencio”*. *“Laura os que tedes a ficha xa vos poñedes a facela”*.

A profesora dille a Aria que sente ben, mentres Darío ven xunto miña para ver se lle podo corrixir uns exercicios, como non podo vai xunto a mestra, esta dille que levante a man e que agora llo corrixe.

Os nenos preguntanlle se poden usar os cadernos para facer os exercicios en sucio, Néstor aproveita que Darío está a pasar para darlle co lapis e este vai a chibarse a profesora que lle está explicando unha cousa a Andrea.

**10.43:** A mestra ante a queixa de Darío preguntalle que porque estaba levantado, este díxolle que viñera a falar comigo e a mestra respondeulle que non podía estar de pé. Alison dille á

profesora que non entende nada da ficha e esta dille que se non se acorda de nada que ten un problema, ao que Alison responde cunha cara de burla e asco.

Mestra: *“Antes de preguntarme quero que o leades ven”*. Alison faille burla a mestra porque non entende nada e esta non llo quixo explicar. Alison volve a dicirlle que non entende nada pero cun ton acusador, a profesora dille: *“Estaste pasando co ton e a actitude, se non o sabes o deixas en branco, xa cho dixen”*. Esta volve a poñer cara de asco e logo cara de pena, faille un comentario a Laura sobre a mestra *“Estou cansa de María”*.

Os alumnos comezan a levantar as man por dúbidas. A mestra dille a Alison: *“Xa volo dan todo guiado, é moi fácil!”* e esta responde en baixo: *“unha pista que te cagas”*.

**10.46:** Darío levanta a man e di: *“María corríxesme?”*. A mestra está a falar con Pablo, dicíndolle: *“Mira Pablo estamos nunha actividade individual e en silencio, se non es capaz sepárote”*.

A mestra vai corrixirlle os exercicios a Darío e dille: *“Tes que aprender a facelo so, non sempre ímoste poder axudar. Non podes esperar sempre a que todos te axuden”*.

Mentres a mestra corríxelle os exercicios a Darío; Alison grita: *“María!”* e logo levanta a man, Andrea pide un lapis porque o seu non pinta e Laura vaillo deixar. A mestra rífalla, pero esta explica o que pasou e llo da a Andrea.

A mestra pregúntalle a Darío canto é  $3 \times 8$  porque fixo unha multiplicación mal, este di un número ao azar, sen pensar e non acertou, a mestra dille: *“pensa e cando o saibas levanta a man”*. Esta vai xunto a Leticia para mirar como vai cos exercicios, como xa os rematou case todos tráelle unha calculadora para que os corrixa. Darío levántase porque el tamén quere a calculadora e vai xunto á mestra para que lla de, ela dille que non , que ten que pensar, non facelo coa calculadora.

Alison levanta a man e pregúntalle á profesora se está ben, ela dille que non lle vai a dicir nada.

Darío chama á mestra varias veces; esta dille que ten que levantar a man, non chamala, que se a chama vai tardar máis.

Alison fala con Andrea e Patricia e dilles que non entende nada, fai xestos de burla. Celia está sen facer nada ao igual que Pablo e Bastian, estes póñense as capuchas e fan xestos entre eles.

A mestra estalle a explicar a Darío como se fai o exercicio e este dálle unha aperta e dille: *“Quérote, grazas”* e vaise a ordenador a xogar un pouco, co permiso da mestra (se remata os exercicios pronto sempre lle deixan ir a xogar un pouquiño).

**10.49:** A mestra estalle a resolver unha dúbida a Pablo, mentres Darío fala con José sobre o ordenador. A mestra rífalles a Andrea e Patricia porque se están queixando de que a ficha é moi difícil, Alison volve a preguntarlle o exercicio á mestra e esta acaba explicándollo. Ao rematar a explicación Andrea, Patricia e Alison seguen preguntándolle dúbidas e a mestra vaise a xunto a Sonia que a leva un anaco coa man levantada.

Celia segue sen facer nada.

Andrea e Alison volven a chamar á mestra para que lles explique como facer os exercicios, esta vai a explicarlle a Andrea e Alison queixase. Mentres tanto Néstor está distraído ao igual que Bastian. Celia anima a Leticia, esta está un pouco desanimada porque tivo moitos fallos nas operacións.

**10.57:** Alison volve a preguntarlle á mestra. Darío xoga coa cadeira do ordenador a deslizar polo fondo da clase. A mestra di: *“Rematades e poñede o nome ás fichas”*, os alumnos danlle as fichas.

A profesora rifa a Aria, José, Bastian e Pablo porque están no ordenador con Darío en lugar de ir ao patio, mentres que Andrea segue a facerlle preguntas sobre a ficha. A mestra rifa a Darío por non apagar o ordenador cando debe e Bastian está tumbado enriba dunha mesa.

**11.00:** A mestra apaga as luces e todos saen ao patio.

### *Matemáticas 3/04/2013 10.00-11.00*

**10.00:** Chego á clase, os nenos aínda están na clase de inglés. O titor marcha da aula para a de 5º de primaria, ten clase alí. Están todas as cadeiras subidas menos as de Darío, Pablo, Aria, Andrea, Manuel e Carlos. Todas as chaquetas están colgadas nas perchas, ningunha polo chan tirada.

**10.03:** Entra a mestra de matemáticas a deixar os libros, como aínda non baixaran vai a por auga.

**10.04:** Entra Sergio na clase, deixa as cousas e vai ao baño. Xa van entrando os demais e a mestra, saúdanme, baixan as cadeiras e deixan o material de inglés. Cora mira os libros e follas que deixara a mestra na mesa, ve que son de cálculo de unidades de lonxitude e

queixase. Preguntan se sacan o cálculo normal e a mestra dilles que non, que vai repartir unha nova folla. Mentres sacan o material todos falan.

Por último entra Darío, a mestra pecha a porta e comeza a repartir as follas.

**10.08:** A mestra está a repartir as follas, Néstor pregúntalle a Sergio se viu o partido do Barça, a mestra chámalle a atención. José pregunta de que son as follas, ela responde que logo o explica. Mentres reparte as follas todos falan. Remata de repartir as actividades e di: *“atendede!”*. Espera a que todos calen, Carlos levanta a man. A mestra di: *“Tranquilidade, é para que vos axude a mellorar os cambios de unidade”*. Pregúntalle a Carlos que lle pasa, este dille que non ten as táboas para responder ao cálculo. A mestra segue a explicar como teñen que facer as táboas, estas teñen un procedemento diferente ás anteriores. Recorda como se multiplica e divide con decimais, mentres Celia levantase para coller da mochila un bolígrafo e Darío saca o material.

**10.12:** Chaman á porta, son unhas rapazas de 1ºda ESO que veñen a explicarlles en que consiste o xornal do colexio. A mestra manda saír aos delegados para que non se interrompa a sesión. Os alumnos quéixanse de que son sempre os delegados os que fan as cousas e de que en 5º este ano hai delegados e o ano pasado non.

A mestra segue explicando as táboas e dilles que hoxe vai deixar 3 minutos para realizar o cálculo porque é a primeira vez que fan este. Dálle a Carlos a folla para escribir de cálculo.

Mestra: *“Isto é algo que en secundaria ides precisar moito...”* explica o porque. *“Concentrádevos e esforzadevos porque vos vai axudar moito no futuro”*. Pablo pregunta por que letra comezan e a mestra di A1, esta pregúntalle a Celia se precisa máis follas e esta responde que non. A mestra dille a aula que anoten enriba do día de hoxe no cálculo que foron 3 minutos.

**10.15:** Comezan o cálculo. Toda a clase está en silencio e concentrada. A mestra camiña pola clase para ver como van co cálculo, algúns miran ao fronte para pensar. A mestra párase un anaco diante de Bastian para ver como vai, mentres Darío murmulla unha conta e como non a sabe mira a solución.

**10.18:** Entran os delegados en silencio para non molestar. Sergio ía a comezar e a mestra díxolle que non.

Rematan o cálculo, a mestra pregúntalles se foi fácil, e dilles que non van a facer gráficas. Os alumnos a interrompen con moitas preguntas e ela di: *“Deixádesme falar? Calade!”*. Explícalles que non teñen que poñer as unidades de medida no cálculo, que así perden tempo. Darío fai ruído co bolígrafo e a mestra rífalle, continúa explicando, mentres Darío continúa co seu cálculo. A mestra di que hoxe vai corrixir o cálculo en voz alta, algúns rapaces danse de conta que o primeiro resultado da táboa de corrección é erróneo.

A mestra comeza a corrixir por se hai máis erros, os delegados interrompen e preguntan cando fan eles o cálculo, a mestra dálles dúas opcións, ou facelo na casa ou no recreo. Néstor e Celia xa corrixiron eles sos o cálculo, aínda que a mestra dixera que non.

**10.21:** Comeza a ditar os resultados, mentres Leticia corrixe soa os seus e Darío segue a facer o cálculo. Todos están calados e atendendo aos resultados.

Néstor xoga cunha pulseira porque xa o corrixira e Leticia remata de corrixir. A mestra di: *“Sigo? Tedes máis?”* Algúns din que si, a mestra está atenta a como corrixe o cálculo Antonio. Os que rematan de corrixir falan en voz baixa e a mestra segue a dicir resultados.

**10.25:** *“Moi ben Antonio, fas máis que nas outras”* di a mestra a Antonio. Mentres Marcos e Celia están a falar e a mestra rífalles. *“Silencio absoluto, non dixen que puiderades falar”* replica a mestra. Esta dilles que non garden as follas que vai pasar por todas as mesas para velas e que vaian levantando a man para explicar o tipo de fallos que cometeron. Pouco a pouco van levantando as mans e explican os erros, algúns murmullan polo baixo co seu compañeiro. *“Non entendedes que quero que escoitedes o que din os compañeiros en silencio absoluto?”* di a mestra. Darío estame a chamar.

Cora e Beatriz levántanse e a mestra dilles que non garden que quere ver as follas. *“Non mo explico, non mo explico”* di a mestra, todos están falando polo baixo. A profesora continúa mirando o cálculo e preguntando os erros.

**10.28:** Laura dille a mestra que lle corrixira o cálculo, ela dille que non está corrixindo, senón revisando para ver os fallos.

A mestra anima aos alumnos e dilles que teñen que seguir practicando. Esta controla o que fan Darío e Leticia, a última estaba a debuxar e a mestra dille que porque debuxa, Leticia responde que se aburre porque acabou hai tempo.

Alison pide permiso para ir ao baño a soarse os mocos.

**10.30:** Sacan o libro e o caderno, a mestra di os exercicios que teñen que facer.

Darío pregúntalle que fai el, ela respóndelle que xa vai nun pouco. A mestra di: “*Silencio*”, todos están armando barullo ao levantarse a polos cadernos e os libros. Entra Alison e pregúntalle á mestra que hai que facer, ela respóndelle que lle pregunte ao seu compañeiro.

“*Silencio por favor, silencio por favor*” di a mestra. Beatriz levántase a por unha regra.

A profesora vai xunto a Darío a corrixirlle o cálculo, mentres Sergio fala con Laura e Beatriz con Lucas, Leticia está a rir ela soa. Alicia pásalle unha nota a Sonia e esta disimula ao lela.

Candela e Pablo falan en murmurios sobre un exercicio, ao igual que Leonor e José. Aria pídelles a goma a Néstor, como este non ten cóllella a Antonio, que se enfada. Beatriz volve a levantarse a por unha regra.

**10.35:** A mestra segue con Darío, xa remataron de corrixir o cálculo, agora está a explicarlle os exercicios que ten que facer.

O resto do alumnado está a resolver os problemas axudándose entre eles. Sonia levanta a man e a mestra dille que espere, que agora non que está a atender a Darío. Esta colle unha cadeira para sentar ao lado da mesa de Darío. Mentres Alison levántase a afiar e a falar con Patricia.

Na aula hai completo silencio, os que falan fano entre murmurios, case non se escoitan.

Celia levántase a tirar algo e fala con Laura e Sergio.

**10.37:** Alison levántase a buscar unha calculadora, aproveita para falar con Candela. Celia levántase xunto Andrea e Pablo vai buscar unha regra.

Alison dille á mestra que non hai calculadoras, esta dille que están na clase de 4º de educación primaria que as vaia a buscar. Elean o volume e a mestra di: “*Estábamos traballando de marabilla, non elevades o volume que logo falades moi alto*”.

A profesora xa rematou con Darío, vai xunto Leticia e lle manda sacar o cálculo e coloca a cadeira xunto a mesa de Leticia. Os demais a aproveitan para levantar a man.

**10.39:** Alison trae as calculadoras. A aula eleva o volume e a mestra manda calar. Vai xunto Antonio para resolverlle varias dúbidas. Mestra: “*Chicos, xa estragamos, moito máis baixo*”. Vai xunto Andrea que a chamou e Cora queixase dos exercicios. Alison pregunta constantemente se están ben feitos os seus exercicios, a mestra dille que non lle vai mirar se van ben ou mal.

**10.41:** Senta con Leticia para corrixir os exercicios. O volume non é moi alto pero a mestra manda calar. Aria levántase a pedirlle unha goma a Beatriz e Andrea explícalle un exercicio a Alison. Antonio explícalle a Sonia un exercicio, pois xa levaba bastante tempo coa man levantada e a mestra aínda non a atendera.

**10.43:** Remata de corrixir os exercicios con Leticia e dille que moi ben. Vai xunto a Néstor e comeza a mirar as tarefas que viñan para hoxe, vai por todas as mesas controlando as tarefas. Sergio está virado falando con Patricia, Belén e Candela comentan un exercicio, Celia vai xunto Andrea a por típex. A mestra volve manda calar.

Alison queixase á mestra que non lle da o resultado de dous exercicios, mentres Luis fai un son de vitoria e di que xa está, Aria interésase por saber o que xa está. Patricia non ten feito o exercicio número 2 dos deberes e explícalle a mestra que non o fixo porque non o entendía. Alison segue a dicirlle á mestra que non lle da o resultado e esta a manda calar.

Daríoponse de pe e intenta facer o pino sucesivas veces.

**10.45:** Celia levántase a devolverlle o típex a Andrea. A mestra di que baixen o volume, que están a falar moi alto. Sara levanta a man e Celia vai buscar unha regra.

Darío volve a intentar facer o pino e Aria levántase a por unha regra. A mestra manda sentar a Darío e mira o que leva feito, corríxelle os exercicios que tiñan pendentes de corrección. Manda calar a clase e en pouco tempo comezan outra vez a falar bastante alto.

Belén, Marcos, Bastian e Cora traballan en grupo para resolver uns problemas, mentres Laura da un golpe na mesa de Sergio porque este non entende o exercicio que lle está a explicar. Xírase para falar con Alison e logo segue a explicarlle o exercicio a Sergio. Mentres José fala con Patricia e Celia levántase a por algo da mesa da profesora.

Néstor cóllecille a goma a Lucas, Laura segue a falar pero agora con Andrea e Patricia.

A mestra di que se poden usar calculadoras, porque Cora llo preguntou, todos se levantan a por elas correndo. A mestra di: *“Alto! Silencio, non somos fieras para ir en manada”*. Remata de revisar os exercicios de todos.

**10.52:** José pregunta se alguén sabe o exercicio número 5 e Marcos vaille axudar.

A mestra está explicando como se fai un exercicio, mentres Alison e Sergio falan e a mestra di: “eu non o creo” e Alison míralle con cara de *“non entendo porque me dis isto”*, a mestra dille que non a mire así e continúa explicando. Cora dille a mestra que non está entendendo



nada e que non sabe porque vai mal o exercicio, a mestra explícalle porque non é do xeito que ela o fixo, mentres Marcos lle segue explicando o exercicio a José.

Néstor dille á mestra que xa rematou o exercicio número 5, todos rin porque era o primeiro exercicio que mandara facer. A mestra séguelle a explicar a Cora o exercicio e Néstor vólvelle a dicir que rematou o exercicio 5. A mestra rifa á clase porque están a falar moi alto en lugar de facer os exercicios.

**10.55:** A mestra di: *“Alison ven a falar comigo un segundo”*, a saca fora da clase e pecha a porta para que ninguén escoite. Mentres tanto os alumnos aproveitan para se levantar. Sonia vai xunto Andrea e Patricia e Antonio xunto Lucas. Celia xunto a José e Leonor, mentres que Laura xunto Patricia. Despois de falar con Andrea e Patricia, Sonia vai xunto Candela e Pablo. Como hai moito barullo José manda calar a clase.

Patricia venme a preguntar una dúbida, pero non podó axudala.

**10.58:** Entra a mestra na clase e formase un corrillo xunto dela. Ela vai corríxirlle a Néstor o exercicio, para comprobar se estaba ben feito. Os demais andan levantándose pola aula para falar cos compañeiros, mentres que Cora levántase correndo xunto a mestra para dicirlle que lle deu o resultado dun exercicio e Darío a ensinarlle o caderno.

**11.00:** Entra o outro mestre. A mestra dille a Darío que o que fixo na libre é unha chapuza. Manda recoller e rematar os exercicio para o seguinte día. Todos están a falar e a mestra vaille corríxir a Marcos uns exercicios porque este llo pediu.

### **Matemáticas 10/04/2013 10.00-11.00**

**10.00:** Entro na clase, o titor leva as chaqueta que tiradas polo chan da clase a obxectos perdidos.

**10.05:** Entra a mestra de matemáticas, deixa o material na mesa e vai encher a botella de auga, os alumnos aínda non baixaron de inglés.

**10.10:** Comezan a chegar os alumnos. A mestra di: *“veña cálculo que xa son e dez”*. Sentan todos rápido nas mesas. Houbo un cambio de sitio con respecto á semana pasada, Laura por Leonor.

A mestra reparte as follas para responder o cálculo, a moitos alumnos acabáranselles. Darío entra na clase, tarde, como sempre. A mestra manda calar aos alumnos para poder comezar o cálculo. Esta dille a Darío que saque o cálculo rápido, que senón queda no recreo.

A mestra está explicándolles que se vai reducir o tempo do cálculo, todos atenden mentres ela está a falar. Luis dille que non atopa a súa folla de cálculo, ela préstalle a súa para este día.

A mestra di: “*F6 e o tempo comeza, xa!*” Todos comezan a facer o cálculo, son as 10.13 minutos exactamente. Néstor non se decatou que xa comezaran o cálculo, toda a clase está en completo silencio, inmersos na súa tarefa. A mestra está diante da aula calada, vai xunto a Darío porque perdeuse na cuadrícula de cálculo, axúdao a continuar.

**10.16:** Remata o tempo do cálculo e manda sacar os bolígrafos para corrixir, o alumnado comeza a dicir en voz alta cantas contas fixera, pero a mestra non actúa, segue de pé sen dicir nada ata que todos calan por inercia, a mestra di: “*Non vou a estar continuamente esperando a que collades as cousas, son e 15 e tardamos un minuto*”. Apúrase a hora de ditar os resultados do cálculo, Néstor dille que espere porque non lle da tempo, ela espera e comproba por onde vai. Pablo aproveita este momento para falar e a mestra dille que non se falta ata que todos rematen, que está a molestar aos que non remataron de corrixir.

**10.19:** “En silencio gardamos o cálculo e collemos o libro” di a mestra. Rifa ao alumnado que está a falar e repite: “*todos en silencio*”. Manda sacar a Leticia o libro e o caderno para que continúe coas tarefas pendentes. “*Abrimos os cadernos nos exercicios que había para hoxe*” di esta, mentres anota a Alison na pizarra por estar a falar, rífalla porque xa estaba anotada do día anterior polo mesmo motivo.

Como seguen falando a mestra dilles que van a facer unha proba escrita ou que cada vez que falen vai parar a clase e recuperar os minutos perdidos durante o recreo. A mestra vai revisando polas mesas e tomando nota de que as tarefas que viñan para hoxe estean feitas. Todos están en completo silencio mentres esta revisa, salvo Darío que vai xunto dela para preguntarlle que fai, esta o manda sentar e esperar a súa quenda. Darío non lle fai caso e segue a perseguila, pero ela non le fai caso.

Os alumnos pónense a falar, ela párase e espera a que todos calen, Darío segue insistindo para que o atenda, a mestra explícalle que agora non pode, que non é o momento preciso, que ten que esperar.

**10.25:** A mestra remata de corrixir as actividades, vai xunto a Darío para explicarlle o que ten que facer e que non se pode andar levantando e perseguíndoa, senón levantar a man e esperar. Mentres ela fala con Darío o resto do alumnado falan entre si, pero en voz baixa, aínda que o ton vaise elevando progresivamente.

**10.27:** A mestra comeza a corrección dos exercicios, recorda para aula unhas fórmulas xeométricas esenciais e fai preguntas sobre elas. Celia fala sen levantar a man, pero a mestra non a escoita ata que levanta a man e dálle a quenda de palabra. Cora levanta a man para facer unha aportación sobre os exercicios, a mestra anota a José por non estar á atender a corrección. Varios alumnos levantan a man para resolver unhas dúbidas, pero a mestra di que primeiro van corrixir e que logo resolve as dúbidas. Moitos dos alumnos falan sen levantar a man, pero dilles que para falar teñen que levantar a man, un destes é Néstor. Mentres tanto Luís explícalle un exercicio a Darío mentres o resto corrixen os exercicios, durante a corrección Candela interrompe e a mestra rífalla. Darío levantase xunto á mestra para preguntarlle que exercicios tiña que facer, era para asegurarse, pois, Luís estáballe a dicir que tiña que facer outros.

Corrixen o primeiro exercicio, Patricia, Sergio, Celia, Marcos, Bastian e Cora, ao rematar a corrección a mestra resolve individualmente as dúbidas.

**10.40:** Aria comeza a corrección do segundo exercicio, mentres Darío queixase de Luis e este desculpase para que Darío non llo diga á mestra. Mentres a mestra continúa coa corrección Pablo peitease, e ela chámalle a atención. Aria di o resultado dunha parte do exercicio e a mestra pregunta se están de acordo, Alison di que non e pregunta se é o resultado final do exercicio, a mestra rífalla porque non estaba atenta, pois só era unha parte do mesmo. Mentres Pablo e Candela falan, Néstor explícalle a mestra que fixo mal o exercicio, esta dille que o revise. Sonia dille que o fixo dunha forma diferente e vaillo a revisar, dille que mire ben durante a corrección.

Darío rematou os exercicios e pídeme que llos corrixa, como non podo espera na mesa ata que vaia a mestra.

**10.45:** Comezan a corrección do exercicio 5, Andrea di mal o resultado e José a corrixe. A mestra revísalle a Bastian o exercicio porque este dille que lle vai mal, esta dille que o corrixa. Alison dille que non sabe porque lle vai mal o exercicio anterior, a mestra dille que cando remate a corrección llo mira.

A mestra explica os exercicios que van a ter que facer a continuación, mentres Leticia distráese pitando cadrados no caderno en lugar de facer os exercicios. Darío preguntalle a mestra se lle corrixe os exercicios, ela segue explicándolle ao resto da aula. Darío insiste varias veces e ela respóndelle que xa lle dixera antes como tiña que actuar nestas situacións, el di que xa levantou a man e esperou pero que non o atendeu; ela dille que ten que ser capaz de esperar tres ou catro minutos a que o atendan.

**10.50:** O alumnado comeza os exercicios, mentres tanto a mestra corríxelle a Darío os seus exercicios. De súpeto todos se levantan a por calculadoras e a mestra di: “ *Mira, estabamos moi ben, non o estraguemos*”, e continúa corrixíndolle os exercicios a Darío.

**10.53:** Leonor faime un xesto para que lle vaia a explicar un exercicio, pero dígolle que non coa man, entón volve a ler o exercicio, mira para a profesora e non levanta a man. Mentres a mestra continua corrixíndolle os exercicios a Darío, Néstor fala con Antonio, Sergio levántase e Celia vai xunto a Beatriz. Algúns fan exercicios e outros falan e levántanse. A mestra preguntalle a Darío o resultado dunha conta que fixo mal, este di resultados aleatorios sen pensar e ela mándalle volver a facelo, rematando así de corrixirlle a Darío.

Alison a chama para que lle mire o exercicio número 2, ela llo mira e dille que vai todo o exercicio mal que iso xa o explicara durante a corrección, pero vólvello a explicar. Mentres tanto Leticia a chama, esta dille que espere a que lle acabe de explicar o exercicio dous a Alison, ao rematar de explicarlle este exercicio, Alison preguntalle outro. Ao rematar de explicarlle a Alison todo vai xunto de Leticia, Néstor dille que non ten deberes que xa rematou todo e Aria e Beatriz van xunto dela. A mestra explícalle a Leticia os exercicios que ten que facer na casa.

**11.00:** Darío dálle á mestra o seu planing de tarefas para que lle firme no cadrado de matemáticas, ela dille que ata que faga as cousas ben non lle vai firmar. A mestra manda recoller para saír ao xardín e manda que os do rebumbio matemático vaian durante o recreo a aula de 5º de educación primaria.

Alison levántase xunto a mestra para preguntarlle unha dúbida, pero non lle fai caso porque está a falar con Darío sobre os exercicios e mandándoo ir á garda de 5º para rematalos.

## Anexo II: Observación do caso de lingua galega.

*Lingua galega 10/03/2013 14.20-15.10*

**14.20:** Chego á aula os nenos están colocando as mesas no final da aula, o profesor dime que lles deu 10 minutos da clase de Lingua Galega para ensaiar un baile que teñen preparado para un concurso.

Os alumnos que participan no baile están a falar das posición que tomar na parte de diante da aula, mentres que os outros sentan nas mesas do fondo e conversan.

Profesor: *“Público atrás”, “veña!”*

Os alumnos seguen falando en grupos, mentres Sergio vai poñer a música e todos calan e se poñen nos seus postos. O profesor pregúntalles se os postos son así, pois están todos moi pegados. Entra a profesora de matemáticas na aula para ver como actúan, os dous docentes póñense contra o lado da dereita da aula (pegados a fiestra) e o baile comeza.

Os nenos que estaban a facer de público agora fan o seu baile, pois aínda que non participaran a docente de educación física mandoulles elaborar un baile tamén a eles. Teñen bastantes problemas para comezar, falta un membro moi importante do grupo Antonio, e non saben que pasos facer na súa parte. O profesor dilles: *“Sodes xente creativa, inventade”*.

Uns minutos máis tarde Sergio indícame que lle de ao botón do play e comezan o baile.

**14.34:** Xa remataron os bailes e agora comezan a colocar as mesas no seu lugar. Tan só 6 alumnos son os que se poñen a recoller, os demais falan e algúns incluso seguen a bailar.

Profesor: *“Veña, mesas colocadas”*. Este achégase ao grupiño de Sergio, José, Néstor, Pablo e Bastian e di: *“ejem, veña colaborade coas mesas, senón mañá non hai ensaio”*.

Estes comezan a recoller pero Sergio senta no seu sitio, alguén xa llo había colocado. Mentres todos colocan o profesor anota no taboleiro o que van facer a continuación, críticas construtivas.

**14.37:** Os alumnos xa case remataron de colocar as mesas pero segue habendo moito barullo.

Profesor: *“Vamos a dar uns minutos para facer críticas construtivas do baile dos outros.”*

Pero estes non prestan moita atención, polo que o profesor espera uns segundos a que se senten.

**14.38:** Xa están todos sentados menos que José que foi ao baño e, Sonia e Candela que foron gardar o material na sala de material. Cora e Beatriz van xunto do profesor e lle intentan sacar o rotulador co que se escribe no taboleiro.

Alison está pintando no caderno dun compañeiro e o mestre regáñalles a aula: “*Había unha posibilidade de facelo mañá, pero se vos comportades así non.*” “*Dicirvos que me gustaron os dous bailes...*” (Da o motivo polo cal lle gustaron) Pero os alumnos seguen falando, aínda que calan en pouco tempo.

O mestre da quendas de palabra para opinar sobre os bailes, o primeiro en falar é Marcos, pero Bastian e José o interrompen. O profesor fai un xesto coa man, comunicando que se queren falar teñen que levantar primeiro a man.

Alison e Sonia falan entre elas, Celia fai ruído cunha bolsa e o mestre lle chama a atención. Alison fai unha crítica burlándose dun compañeiro entón o mestre sinala a palabra construtiva no taboleiro.

José: “*Me gustó mucho su baile, pero no hacen nada cuando están en el círculo, eso queda mal.*”

Profesor di: “*Última palabra para Sergio*”. “*Laura!*” míraa durante un anaco porque está mal sentada, esta sentase ben de contado. Bastian está a cortar papeis en lugar de atender ao que están a dicir os seus compañeiros.

Os alumnos están facendo críticas bastante construtivas polo que o mestre di: “*Bueno, a ver se no ensaio de mañá se pule, porque os saltos non son á vez.*”

Sonia fai un comentario e todos póñense a falar con respecto a este.

**14.47:** O mestre di: “*Lectura tema 9, que xa levamos media hora de sesión.*” Algúns póñense de pe e fan un anaco do baile e o mestre di: “*Veña mañá déixovos un rato.*” Pero por grupos seguen falando do baile e que poden cambiar.

Mestre: “*Celia, Aria, queremos comezar*” (repíteo). Beatriz levanta a man e pregunta que porqué teñen que facer lecturas, o mestre llo explica pero José di (cun ton de razón e borde, xogando de pe cun gorro): “*Entón para que facemos as mensuais?*”. O mestre llo explica e José achégase a Patricia para pedirlle a máquina da mañá e xogar con ela, o mestre achégase xunto deles e os ameaza con confiscala, este di: “*Veña xa comezamos*” pero aínda tardan un anaco en calar e comeza a rifar individualmente.

**14.50:** O mestre di: “*Beatriz lee*”. Aria e Bastian están interrompendo así que o mestre anota un aviso no taboleiro. Na lectura van lendo por quendas que determina o mestre, esta desenvólvese con normalidade sen interrupcións, ata que pronuncian mal un apelido en inglés. O profesor di: “*seguro? Como?*” e manda repetir a pronunciación deste. Como o está a pronunciar todo mal o mestre ri, e todos comezan a falar e rir. O profesor decide ensinarlles a pronunciación correcta. Estes nomes son os dos protagonistas de Harry Potter . A lectura continúa e o profesor anota no taboleiro a Patricia e Alison por seguir falando e rindo.

Mandou continuar ler a Carlos pero este non estaba a prestar atención e non sabía por onde ia a lectura, o mestre tamén o anotou. Néstor interrompe para dicir “*Si, eu vina*” mentres Darío está a ler. José interrompe tamén e Andrea anotase no taboleiro por estar mal sentada.

A continuación tócalle seguir a Pablo que non sabe por onde vai a lectura, o profesor llo indica ao igual que Néstor que tamén se perdeu. Laura estase a facer unha trenza no pelo mentres Pablo lee. Sergio sae da clase.

**14.56:** É a quenda de lectura de Celia pero estaba distraída e non puido seguila, o mestre anótaa no taboleiro. Néstor está a facer ruídos coa boca; Patricia e Andrea están falando.

Néstor di de súpeto: “*Merda!*” a este rompéuselle un cordón do zapato. Darío pídelle axuda cada pouco ao mestre porque non é capaz de seguir o ritmo da lectura dos seus compañeiros e pérdese. José atende a como Néstor xoga co zapato que se lle rompeu.

**14.58:** Darío vólvese a perder. José pregunta onde está Sergio pois fai 5 minutos saíu da clase para ir ao baño. Néstor sinálalle ao mestre o cordón roto e este fai un xesto de negación coa man.

Rematase a lectura e Néstor di: “*Rompín o cordón!*”

**15.00:** Mentres o mestre pon o CD da lectura, Néstor séntase no chan e Patricia e Andrea a falar. Laura aplaude por unha broma que fixo Sergio que xa chegou do baño.

José rise da voz da gravación e Patricia interrompe de novo a lectura e o mestre anótaa na pizarra. Celia está distraída e o mestre sinálalle o libro como sinal de que sega a lectura.

Darío mirase as mans e logo ao profesor. José peitease e mira para o que estou a facer en lugar de seguir a lectura, logo mira o reloxo da aula. Celia tamén mira para o que estou a facer.

**15.03:** Remata a lectura do CD e todos comezan a dicir: “*Mateo, Mateo*” (nome do mestre) para facerlle preguntas. Preguntan que é unha crítica de cine e o mestre vai buscar un periódico para ensinarllo. Sergio e José levántanse xunto ao mestre e miran a parte de detrás do periódico e van xunto Pablo a falar. O mestre explica o que é unha crítica e porque aparecen estrelas nas críticas, sen facer caso aos que falan.

**15.05:** José segue a falar con Pablo e Celia levántase xunto do profesor a mirar o periódico. O mestre sepárase dela e di: “*Espera*”. “*Sergio, José ao teu sitio*”.

O profesor comeza a facer preguntas de comprensión lectora sobre a lectura. A José pregúntalle como se chama a película, ao que este responde con ton de burla: “*Os tres cerditos*”. O profesor ignora o seu comentario.

Segue a facer preguntas sobre a lectura, Celia non estivo atenta e non soubo responder a súa.

O mestre pon de deberes facer unha opinión crítica da última película que viron no cine. Todos din que non saben cal é e póñense a falar cos compañeiros das películas que viron. Mateo dixo: “*A crítica é para mañá*”, pero tan só protestou un porque os demais non o oíron.

O mestre mandou cambiar a plástica pero están todos falando en corrillos pola clase. Mestre: “*Sacade as paisaxes de plástica.*”

**15.08:** O profesor vai falar con Darío sobre o que ten que facer. A metade da aula está nun corrillo enorme falando.

**15.10:** O mestre está diante da aula de pé esperando a que se senten e calen, pero non lles di nada. Aria e Laura vanlle a preguntar sobre as paisaxes. Xa canso achégase ao corrillo e di: “*Que paisaxes ides facer?*”. Pero so uns poucos danse por aludidos e marchan a facer as paisaxes. José, Sergio, Bastian, Sonia, Alison e outros seguen a falar.

**15.12:** Hai xente que aínda non sabe o que ten que facer polo que o profesor decida anotar na pizarra que teñen que debuxar unha paisaxe real ou inventada.  
Marcho da clase.



**14.20:** Chego a aula e esta está pechada. Na porta hai un papel que pon: “Titoría”.

Comezan a chegar os nenos á porta da aula e todos comezan a facer cábalas sobre quen estará nas titorías.

Logo pónense a falar doutros temas.

**14.27:** Os alumnos entran na clase, o mestre estivera reunido cos pais de Néstor.

Alguns alumnos sentan na súa mesa e outros quédanse diante estirando as bochechas para ver que os ten máis elásticos, falan da elasticidade dos mesmos.

Néstor pregúntalle ao mestre de que falou co seus pais. Este rífalla a Darío por estar levantado.

O profesor di que vai a dar as notas de educación para a cidadanía e educación artística cando estean a facer as tarefas de lectura (as notas as dan de forma privada e preguntándolle a cada neno que cree que vai sacar e porque). O mestre manda cambiar a Darío de sitio, xunto a Leticia para que compartan o libro.

**14.30:** O mestre rifa a Cora: “*Estamos esperando*” e José pregúntalle se se poden cambiar de sitio. Bastian di: “*Profe non atopo o libro*” e Alison estase a queixar de que o seu libro cada día está máis roto.

Case todos están falando, o mestre está de pé e calado sen atender ao que din. Alison levántase xunto del para queixarse de novo e o mestre a ignora.

**14.33:** Comezan a lectura. Candela está a falar con Pablo e Patricia busca algo na súa carpeta. Alison xoga co forro do libro e Celia cunha corda por debaixo da mesa.

**14.35:** Entra na aula a mestra de matemáticas e proxecto para buscar unhas cousas no ordenador. Laura perdese na lectura e Celia opta por xogar o cinto do pantalón.

Entra na aula a directora para buscar a profesora de matemáticas.

**14.36:** Néstor está xogando a escurrirse na cadeira e Alison quedase pasmando porque Leticia lee moi lento. Andrea lee a continuación porque esta distraída e o mestre a quixo pillar. Tócalle ler a continuación a Bastian que non sabe por onde vai a lectura (parecía que estaba atento). Néstor segue a xogar coa cadeira.

Tócalle ler a Darío porque non estaba atento, xogaba e miraba o debuxo doutra páxina.

**14.40:** Néstor interrompe: “*Perdinme*”. Patricia xoga cunha goma e hai un barullo de fondo na aula. O mestre di: “*Shhh*”. Darío enfadouse porque Leticia o fixo perder, Celia indicoulles por onde vai a lectura.

**14.41:** Rematan a lectura e leen o vocabulario asociado á mesma. Néstor pregúntalle ao profesor que van a facer en plástica hoxe e este resposta: “*Estamos en plástica?*”

**14.42:** Leticia e Darío pónense a xogar e Alison xírase para darlle a man a Andrea. O mestre pide un CD para poñer no casete e escoitar a gravación da lectura, Celia dállo pero caéselle ao chan, o mestre o recolle.

Leticia chivase de que Darío está a comer o afialapis e o mestre dille: “*Que, está rico?*”. Darío di que si e o mestre respóndelle: “*Pois entón queres quedar mañá no recreo a ordenar a clase?*”. Darío di que non e o mestre dille: “*Pois entón non o metas na boca que é de metal e vaixe a oxidar*”.

**14.44:** Ponse a gravación da lectura e os nenos pónense a falar mentres o mestre busca a unidade á que corresponde. O mestre vai ata a mesa de Bastian para indicarlle que sega a lectura. Pablo e José míranse e comezan a rir, estanse a pasar un xoguete. O mestre anota a Pablo na pizarra e Elisa segue xogando coa goma.

**14.46:** O profesor apunta na pizarra os exercicios que teñen que facer de xeito oral. Laura estase a facer e desfacer unha trenza.

Rematan a lectura e José levántase xunto Pablo.

**14.47:** Néstor ponse a falar e o mestre pregúntalle se non quererá facer os exercicios el só por escrito. Bastian está mal sentado, balanceándose coa cadeira e facendo que fuma cun boli na boca.

O mestre faille unha pregunta a José pero este non estaba atento, acertou igual e dixo: “*toma!*”.

Aria xoga co bolígrafo, sacando e poñendo a tinta; o mestre anótaa na pizarra. Pablo e José poñen posturas e fan xestos desde os seus sitios, entón o mestre os anota e os ameaza de que van quedar castigados.

**14.50:** O mestre manda facer uns exercicios no caderno e mentres vai chamando individualmente aos alumnos para darlles as notas.

Pablo levántase onde José para ensinarlle máis detidamente o xoguete que se pasaban anteriormente, o mestre infórmame de que é un vibrador. O mestre chama a Pablo para falar con el, pídelles unha explicación de porque o trouxo a escola e de que vai que ter que informar a súa nai. Pablo explícalle que foi un agasallo que lle regalaron a súa nai de broma e que non pasaba nada. O mestre díxolle: “*Non me convence a túa explicación, vou falar coa tu nai*”.

**14.54:** Pablo segue a xogar co xoguete e o profesor dille: “*Se non queres que o convertamos nun problema, para*”. Cora segue a falar do xoguete con Pablo, José informa a Patricia, Andrea e Alicia, que está de pé, sobre o xoguete de Pablo.

Alison levántase e dálle unha aperta a Néstor, mentres que o mestre lle está a explicar os exercicios a Darío.

Bastian e José están de pé a xogar e póñense a mirar o ordenador, a estes únesenlles Néstor e Pablo. O mestre míraos para ver que acontece, entón os nenos disimulan para ver se non se da de conta.

Sonia a Alison póñense nunha mesa a falar de pé.

**14.57:** Mentres o mestre da as notas os demais están a falar en lugar de facer os exercicios. José está no fondo da aula a facer xestos co xoguete.

Comeza a soar a alarma dun coche e todos levántanse das cadeiras para mirar pola fiestra, a alarma deixa de soar pero eles seguen mirando e falando acerca do coche.

**15.00:** Séntanse nos seus sitios, pero hai moito ruído de fondo. O mestre levántase para rifarlles e todos calan menos Sonia e Alison que están a pintar a Lucas.

Pablo fala con Candela.

Marcos levántase para preguntarlle unha dúbida ao mestre, o mesmo fan Luís e Cora.

Marcos vai xunto de Lucas a xogar e o profesor dilles: “*Marcos, Lucas seguides no patio? Non vos chega o traballo?*”.

Bastian xoga co libro de Marcos e José vai xunto do profesor coa cadeira na cabeza para ver se a pode cambiar por outra, porque esa é moi baixa.

**15.05:** O mestre rifa a un par de alumnos polo comportamento e Aria, José e Candela levántanse xunto del para preguntarlle unhas dúbidas.

Bastian levantase para ir a falar con José, Bastian fai que afía o lapis e tira a papeleira ao chan. Aria está tirándolle da meixela a Néstor e comentando con Pablo de que é moi elástico.

Alison levantase a pegarlle coa mochila a Bastian, o mestre rífallle a Pablo por estar a falar todo o tempo en lugar de facer os exercicios. Bastian fai que lle pega coa carpeta a Patricia.

Alison grítalle a Pablo para que me ensine o xoguete que trouxo, o mestre chama a Pablo para castígalo porque non fixo nada durante toda a hora.

**15.07:** Sonia queixase polas notas que lle puxeron, di que son baixas e o mestre respóndelle: “*Eu non penso coma ti*”. Sonia vaise a súa mesa e ponse a criticar ao mestre con Alison. Vai xunto as súas amigas a preguntarlles as notas que tiveron elas para comparalas coas súas e protestarlle ao profesor.

Luís vai xunto do profesor a preguntarlle unha dúbida e Belén a dicirlle que xa rematara, como ve que está a dar as notas apartase ata que remata e pode falar con el tranquilamente.

**15.10:** Os que rematan os exercicios cambian á materia de plástica. Sonia, Candela e Alison están a falar na mesa de Candela e chaman a Patricia. Segundos despois Sonia vaise queixar ao profesor das notas e este mándalle pedir titoría individualizada para falar.

Marcho da clase.

*Galego 3/04/2013 14.20-15.10*

**14.20:** Cando entro xa todos están na aula, Bastian está a cambiar a data na pizarra. O mestre manda calar, pero todos seguen a falar na parte dianteira da aula e Darío ven a darme unha aperta.

O mestre ponse na parte de diante da aula e queda en silencio, manda tirar as gomas de mascar a determinados alumnos que os están a mascar.

Dous alumnos, Néstor e Bastian están a falar, o mestre achégaselles e quedase mirando para un deles calado ata que se decatan e para de falar e van para a súa mesa. Os demais seguen a falar.

Cora levantase e vai xunto do mestre para preguntarlle se ela pode ler, este respóndelle que cando todos calen xa falaran. O mestre xa canso da situación di: “Esta sesión oficialmente comezou as 14.20, vou a descontar o tempo perdido do xogo do venres”.

**14.30:** Darío senta ao lado de Leticia, como todos os días que toca lectura. De súpeto entra Pablo na clase, e o mestre, que seguía na parte dianteira da aula esperando a que calen di: “Pablo, estabamos esperando. Leticia iso tamén inclúe gardar o debuxo”. “Xa perdemos 8 minutos”. Un alumno replica que iso non é culpa de todos.

**14.31:** Pablo comeza a lectura, Darío como é habitual perdeuse e o mestre indícalle por onde van. O profesor anota a Sergio na pizarra, pois este estaba distraído. Lee Celia e logo Marcos, mentres Patricia e Andrea falan e José interrompe a lectura cun comentario. Ao estar distraída o mestre manda ler a Patricia para comprobar se sabe por onde van lendo, esta continúa a lectura sen problemas. Darío volveuse a perder e Celia llo indica, esta dille ao mestre que xa lle di ela por onde van. O mestre manda ler a Carlos, o cal non estaba atendendo á lectura, este é anotado na pizarra. José é o que continua lendo, mentres que o mestre achégase a Carlos para indicarlle onde vai a lectura. Logo lee Alison e máis tarde Bastian, que non estaba atento e anotase na pizarra, a súa compañeira Cora indícalle por onde van. A continuación seguen a ler Laura, Beatriz, Leonor e Patricia, esta última leu dúas veces porque o mestre pensou que non estaba atenta e era para comprobalo, seguen lendo Sonia, Manuel e Luis, Cora levanta a man para ler, pero o mestre mándalle a Leticia e par rematar a Darío.

**14.37:** O mestre pide un CD para poder escoitar a lectura. Comeza a lectura, os alumnos fanlle varias preguntas ao mestre, pero este dilles que máis tarde. Carlos non está atendendo, o mestre mírao pero este non se decata, vai xunto del para dicirlle que escoite, tamén lle fai un xesto a Sergio sinalándose aos ollos e logo a Sergio para indicarlle que o vixía. O mestre pasea pola clase para que todos atendan. Alison mira para o mestre fixamente para que lle preste atención. Remata a lectura.

**14.45:** O mestre comeza a facer as preguntas de comprensión lectora que aparecen no libro. Este anota a Lucas e José na pizarra, ao primeiro por non estar atento e ao segundo por interromper na quenda de palabra do primeiro. Continúa a quenda de preguntas.

**14.47:** Remata a quenda de preguntas, o mestre manda facer o exercicio número 11 por parellas, que trata de inventar un aparello. As parellas son libres, pero se non traballan ben o mestre as modifica. Todo o alumnado comeza a formar as parellas e a cambiarse de sitio, unhas alumnas van xunto do mestre para preguntarlle se poden facer un trío, senón unha delas queda soa e ten que ir con Leticia; este di que non. Marcos achégase ao mestre a preguntarlle se pode ir con Darío, este dille que claro que si, pero que lle pregunte a el. As alumnas anteriores continúan insistindo en formas un trío, pero o mestre négase rotundamente. O mestre da un aviso, di que teñen que describir como funciona o aparello, non só inventalo.

**14.52:** O mestre da paseos pola aula para ver como funcionan as parellas, leva un caderno para ir anotando como traballan. Aria e Beatriz levántanse para sacarlle unha cousa a Carlos, o mestre chámalles a atención. Este vai xunto Bastian e José porque teñen dúbidas, non atenderon que non saben o que teñen que facer. O mestre controla a parella de Candela e Leticia, se están a traballar xuntas ou fai todo Candela para rematar pronto.

O mestre anota na pizarra o que teñen que facer: Quen é? Como é? E José bérralle preguntando que ten que facer. O mestre segue anotando: Como funciona? Para que serve? Logo chámalle a atención a Alison, que estaba mal sentada na cadeira, dicíndolle: “*Alison estas cómoda? Unha hamaca?*”

**14.57:** O mestre vai preguntando polas mesas que invento crearon e o vai anotando no caderno. O mestre vai controlar a Pablo e Néstor, para ver que están traballando. Segue coa rutina de ir polas mesas, os alumnos interésanse polo que anota no caderno e intentan velo.

O mestre anota a Sergio no caderno porque foi xunto a Alison e fixo que lle pegaba, de paso aproveitou para ver o que esta fixera, non debeu adiantar moito porque lle dixo: “Que gran avance” e o anota no caderno, esta ri. O mestre avisa de que lles quedan nove minutos para rematar o exercicio.

**15.02:** O mestre vai xunto a Darío para ver como vai, o seu compañeiro pídlle que lle explique que hai que facer, pois a el non lle fai caso. Mentres Bastian e José o chaman, este ao rematar de explicarlle a Darío o que ten que facer vai xunto deles, resólvelles a dúbida e vaise. Estes outra vez o volven a chamar.

Na aula hai moito ruído, todos falan moi alto porque senón non se poden escoitar.

O mestre decátase de que Candela non está a traballar con Leticia, esta dille que xa remataron. Para comprobar que fixeron un traballo en parellas este faille preguntas a Leticia sobre o

aparello que crearan. O mestre chama a Candela, a súa compañeira, para preguntar se Leticia colaborara. Darío chama ao mestre, este non vai xunto del porque aínda está a falar con Candela e Leticia. O mestre pregúntalle á primeira que nota se merece por este traballo, pois non está case descrito e pouco traballado, logo vaise a dar unha volta pola aula.

**15.06:** O mestre di: “Imos rematando”. As parellas que xa remataron levántanse e van xunto a outros compañeiro a falar e a preguntarlles polos seus aparellos. Darío ponse a xogar no fondo da clase mentres o seu compañeiro vaille ensinar ao mestre o aparello creado. O mestre chámalle a atención a este: “Garda iso, mañá recolles a aula”. Lucas ponse a xogar co gorro que tiña Darío e o mestre dille: “Lucas iso saqueillo a Darío por algo”.

Darío vai xunto ao mestre e dálle unha aperta, mentres que Néstor lle pregunta se vai a dar máis tempo para rematar este exercicio noutra sesión, o mestre respóndelle que non, que quizá algo da do luns.

**15.10:** O mestre ponse na parte dianteira da clase sen responder as preguntas, despois dun anaco en silencio di: “ As 15.10 comeza plástica, xa temos 9 minutos acumulados de Galego, a ver cantos acumulamos”. Comezan a cambiar a plástica.

### *Lingua Galega 10/04/2013 14.20-15.10*

**14.23:** En lugar de entrar na clase de 6º de educación primaria, entran na de quinto. Isto débese a que van a rematar de ver a película de Grease e en quinto é onde hai pizarra dixital. Mentres o mestre pon a película todos falan, aínda que este os manda calar.

**14.30:** O mestre volve a mandar calar e pon a película. Todos están tranquilos e entretidos véndoa, en ocasións as nenas repiten os pasos de baile dalgunhas das escenas da película. Bastian pregúntalle ao mestre cando remata o baile, todos comezan a rir e dinlle que é un musical que sempre hai baile. Polas caras dos nenos pódese deducir que non lles gusta moito a película, están cos brazos apoiados na mesa e aguantando a cabeza, só parecen entusiasmados cando uns na película retan aos mestres ensinado o cu.

Cando volve a saír outra canción os nenos comezan a protestar e máis Bastian que di que levan toda a película cantando cancións, o mestre decide rebobinar un pouco a canción ata que case remata.

O mestre mira o reloxo para saber como vai de tempo, manda calar porque os nenos estanse a rir moi alto por unha escena da película. Pablo está a facer inconscientemente ruído cun lapis, o mestre fai “chss chss” para que pare.

Volve a haber outra canción e os nenos vólvense a queixar, dinlle ao mestre que pase a canción, mentres que as nenas protestan porque queren escoitala. O mestre rebobina a canción. Cando sae unha carreira de coches os nenos comezan a facer comentarios, o mestre mándalles calar e cando comeza outra vez unha canción vólvense a queixar e este a rebobina. Xa case ao final da película todos fan comentarios sobre o parque de atraccións que hai nela, sae un dos “frikis” da película co que os protagonistas metíanse e José, Néstor, Bastian e Pablo o comparan con Luis.

Cando comeza a canción máis popular da película as nenas póñense a cantar e bailar sentadas nas cadeiras, logo toda a clase comeza a cantala. Remata a película.

Como aínda queda algo de tempo Marcos pídelles ao mestre se pode poñer de novo os bonecos do principio da película, cando saen os nomes dos actores, este os pon porque aínda quedan uns minutos para rematar a clase. As nenas quéixanse porque agora está a poñer os bonecos e antes non deixou as cancións. Cando os debuxos rematan o profesor pecha a película, apaga o ordenador e vanse todos a aula de 6º para facer plástica.



### Anexo III: Guieiro da entrevista.

1. Considera vostede que a atención a alumnos con n.e.e inflúe no proceso de ensinanza-aprendizaxe do resto da aula? Como? Canto tempo dedica a este alumnado?
2. Considera vostede que hai alumnado que demanda máis atención que outro? Como a demandan? Como actúa vostede?
3. Con respecto a atención de alumnos individualmente cree vostede que dedica un maior tempo/atención a uns alumnos que a outros? En que vostede se basea para a dosificación desa atención?
4. Como a interacción e as interrupcións de determinado alumnado inflúe na aula? Ten consecuencias sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe?
5. Considera vostede que a interacción individual docente-alumnado inflúe no resto do alumnado? Como?
6. En termos de interacción como consideras a este aula? Cales son as diferenzas con respecto a outras aulas? Aspectos positivos? Negativos?
7. Canto atención se detrae ao proceso E-A pola interacción?